XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

XUÑO 2026

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

ÍNDICE XERAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 3.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN NA ACTIVIDADE URBANÍSTICA

ARTIGO 4.- DEFINICIÓNS

ARTIGO 5.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA

ARTIGO 6.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

ARTIGO 7.- ACTOS SUXEITOS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

ARTIGO 8.- ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO

ARTIGO 9 .- CRITERIOS INTERPRETATIVOS NO SOMETEMENTO AOS PROCEDEMENTOS ANTERIORES

ARTIGO 10 .- ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO ACHEGADO

ARTIGO 11.- RESPONSABILIDADES

TÍTULO II: INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS

ARTIGO. 12 NORMAS COMÚNS AOS ACTOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

ARTIGO. 13 INFORMACIÓN URBANÍSTICA ou CONSULTA URBANÍSTICA COMÚN

ARTIGO.14 CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL

ARTIGO. 15 ALIÑACIÓN OFICIAL

ARTIGO. 16 PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE

TITULO III.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN E TIPOS DE PROCEDEMENTO

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS COMÚNS A TODOS OS PROCEDEMENTOS

ARTIGO 17.- NORMATIVA

ARTIGO 18.- CLASES DE PROCEDEMENTO

ARTIGO 19.- DEREITOS DOS SOLICITANTES

ARTIGO 20.- DEBERES DOS SOLICITANTE

ARTIGO 21.- MODELOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 22.- EXECUCIÓN DE OBRAS E EXERCICIO DE ACTIVIDADES

ARTIGO 23.- OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

CAPÍTULO II.- DISPOSICIÓNS ESPECIFICAS NA TRAMITACIÓN DE LICENZAS

ARTIGO 24.- SUBSANACIÓN E MELLORA DA SOLICITUDE

ARTIGO 25.- REQUIRIMENTOS PARA CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS

ARTIGO 26.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

ARTIGO 27.- INFORMES

ARTIGO 28.- SUBROGACIÓN

ARTIGO 29.- SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO

ARTIGO 30.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

ARTIGO 31.- PRAZOS MÁXIMOS PARA A RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTOS

ARTIGO 32.- RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

ARTIGO 33.- VIXENCIA DAS LICENZAS

ARTIGO 34.- CADUCIDADE DAS LICENZAS

ARTIGO 35.- OBRAS E USOS PROVISIONAIS

ARTIGO 36.- EXTINCIÓN DAS LICENZAS

ARTIGO 37.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS

ARTIGO 38-. LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN

ARTIGO 39.- INICIO DAS OBRAS

CAPÍTULO III.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE COMUNICACIÓNS PREVIAS

ARTIGO 40.- PRESENTACIÓN

ARTIGO 41.- EFECTOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

ARTIGO 42.- CAUSAS DA INEFICACIA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

ARTIGO 43.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS. PROCESO DE VERIFICACIÓN DOCUMENTAL

ARTIGO 44.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES

ARTIGO 45.- MODIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

ARTIGO 46.- PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS AMPARADAS NUNHA COMUNICACIÓN PREVIA

CAPÍTULO IV.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓNS RESPONSABLES

ARTIGO 47 .- PRESENTACIÓN

ARTIGO 48.- EFECTOS DAS DECLARACIÓN RESPONSABLE

ARTIGO 49.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES

ARTIGO 50.- MODIFICACIÓN DAS ACTIVIDADE SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

CAPÍTULO V.- TRATAMENTO DE INCIDENCIAS DURANTE AS OBRAS

ARTIGO 51.- EXECUCIÓN DAS OBRAS E MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

ARTIGO 52.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUÍR AS OBRAS

ARTIGO 53.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA OU INSTALACIÓN

ARTIGO 54.- ABANDONO OU PARALIZACIÓN DAS OBRAS

TITULO IV CONTROL POSTERIOR

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 55.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 56.- INICIO DO PROCEDEMENTO

ARTIGO 57.- ACTA DE COMPROBACIÓN E INFORME DE CONTROL

ARTIGO 58. CONTIDO DO INFORME DE CONTROL OU ACTA DE COMPROBACIÓN

ARTIGO 59.- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA

ARTIGO 60- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE INICIO DE ACTIVIDADE

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor.

ANEXO 1: LICENZAS DE OBRA

1.1. DEFINICIÓNS DE OBRAS SUXEITAS A LICENZA URBANÍSTICA

1.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES DE LICENZA

A/SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA NOVA OB-001

B/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE REESTRUTURACIÓN/AMPLIACIÓN OB-002

C/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN OB-003

D/ SOLICITUDE DE LICENZA INTERVENCIÓNS MENORES EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-004

E/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA COMERCIAL EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-005

F/ SOLICITUDE DE LICENZA DE MOVEMENTOS DE TERRA OB-006

G/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS OB-007

H/ OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN (cando a súa altura sexa igual ou superior a 1,5 m) OB-08

I/ SOLICITUDE DE LICENZAS DE OBRAS (VARIOS) OB-009

1.3. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

1.4. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS

ANEXO 2: COMUNICACIÓNS PREVIAS

2.1. DEFINICIÓNS

2.2. ACTUACIÓNS COMUNICADAS

ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

OBRAS DE ADAPTACIÓN PARA ACTIVIDADES COMUNICADAS

CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES

OBRAS MENORES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

OBRAS MAIORES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS EN LOCAIS COMERCIAIS (RÓTULOS, TOLDOS OU BANDEIROLAS) SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

CONSTRUCIÓN DE PECHES E VALADOS DE PARCELAS E SOARES SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

INSTALACIÓN DE SOPORTES PUBLICITARIOS

INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE XERACIÓN DE ENERXÍA EN EDIFICACIÓNS EXISTENTES PARA INSTALACIÓNS DE AUTOCONSUMO

CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE OBRA

INICIO DUNHA OBRA AUTORIZADA COA CORRESPONDENTE LICENZA

INSTALACIÓN DE GRÚAS/GUINDASTRES

2.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADES. CP-001

B/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA UNHA ACTIVIDADE CP-002

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E ACTIVIDADE

C/ COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES. CP-003

D/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES CP-004

E/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES CP-005

F/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS EN LOCAIS CP-005

G/ COMUNICACIÓN PREVIA DE CONSTRUCIÓN DE PECHES DE PARCELAS (excepto muros de contención) CP-

005

H/ INSTALACIÓN DE SOPORTES PUBLICITARIOS CP-005

CONTIDO MÍNIMO DOS PROXECTOS DE INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS

I/ INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE CAPTACIÓN ENERXÍA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE. AUTOCONSUMO CP-005

J/ COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA LICENZA DE OBRA CP-006

K/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DUNHA OBRA AUTORIZADA COA CORRESPONDENTE LICENZA CP-007

L/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INSTALACIÓN DE GRÚA/GUINDASTRE CP-008

2.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

2.5. IMPRESOS NORMALIZADOS DE COMUNICACIÓN PREVIA

ANEXO 3: ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS. DECLARACIÓNS RESPONSABLE E LICENZAS DE ACTIVIDADE

3.1. DEFINICIÓNS

3.2. TÍTULO HABILITANTE PARA A APERTURA DUN ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO NO QUE SE DESENVOLVAN ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES RECREATIVAS

3.2.1 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE INFERIOR O IGUAL A 500 PERSOAS

3.2.2 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE SUPERIOR A 500 PERSOAS OU AQUELES CUXA NORMATIVA ESPECIFICA EXIXA A CONCESIÓN DE LICENZA

3.2.3 ACTIVIDADES EXENTAS DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU LICENZA PREVIA

3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU SOLICITUDES DE LICENZA PARA ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

A/ DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS ATA 500 P DE CAPACIDADE. AR-001

B/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS

DE 500 P DE CAPACIDADE QUE PRECISA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO. AR-002

C/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS

DE 500 P DE CAPACIDADE E LICENZA DE OBRA NOVA, AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN XERAL AR-003

3.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

3.5. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS

ANEXO 4: PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.1. DEFINICIÓNS

4.2. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PO-001

B/ COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN e INICIO DE ACTIVIDADE PO-002

4.3. IMPRESO NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

ANEXO 5: PARCELACIÓN OU CERTIFICADO DE INNECESARIEDADE

5.1. DEFINICIÓNS

5.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR CA SOLICITUDE DE LICENZA DE PARCELACIÓN OU CERTIFICADOS DE INNECESARIEDADE

A/ LICENZA DE PARCELACIÓN

B/ DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN

5.3. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

5.4. IMPRESO NORMALIZADOS DE LICENZA DE PARCELACIÓN OU DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE

ANEXO 6: DECLARACIÓNS RESPONSABLES

6.1. DEFINICIÓNS

6.2. ACTUACIÓNS SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

6.2.1 INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA ELÉCTRICA

6.2.2 INSTALACIÓNS RADIOELÉCTRICAS

6.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES7

A/ DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA. DR-001

B/ DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA UNHA INSTALACIÓN RADIOELÉCTRICA. DR-002

6.4. IMPRESOS NORMALIZADOS DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO 7 OUTROS PROCEDEMENTOS

7.1. DEFINICIÓNS

7.2. OUTROS PROCEDEMENTOS

ACTA DE LIÑA E RASANTE

DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN DE OBRAS TERMINADAS SEN TITULO HABILITANTE

7.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR 7

A/ACTA DE LIÑA E RASANTE

B/ PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE

7.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

7.5. IMPRESOS NORMALIZADOS

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA.

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS....5

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS....7

ARTIGO 1.- OBXECTO....7

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN....7

ARTIGO 3.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN NA ACTIVIDADE URBANÍSTICA....7

ARTIGO 4.- DEFINICIÓNS....8

ARTIGO 5.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA....8

ARTIGO 6.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA....9

ARTIGO 7.- ACTOS SUXEITOS A DECLARACIÓN RESPONSABLE....9

ARTIGO 8.- ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO....10

ARTIGO 9 .- CRITERIOS INTERPRETATIVOS NO SOMETEMENTO AOS PROCEDEMENTOS ANTERIORES....10

ARTIGO 10 .- ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO ACHEGADO....10

ARTIGO 11.- RESPONSABILIDADES....11

TÍTULO II: INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS....13

ARTIGO. 12 NORMAS COMÚNS AOS ACTOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA....13

ARTIGO. 13 INFORMACIÓN URBANÍSTICA ou CONSULTA URBANÍSTICA COMÚN....13

ARTIGO.14 CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL....13

ARTIGO. 15 ALIÑACIÓN OFICIAL....13

ARTIGO. 16 PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE....14

TITULO III.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN E TIPOS DE PROCEDEMENTO....17

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS COMÚNS A TODOS OS PROCEDEMENTOS....17

ARTIGO 17.- NORMATIVA....17

ARTIGO 18.- CLASES DE PROCEDEMENTO....17

ARTIGO 19.- DEREITOS DOS SOLICITANTES....17

ARTIGO 20.- DEBERES DOS SOLICITANTES....17

ARTIGO 21.- MODELOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN....18

ARTIGO 22.- EXECUCIÓN DE OBRAS E EXERCICIO DE ACTIVIDADES....18
ARTIGO 23.- OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE....18
CAPÍTULO II.- DISPOSICIÓNS ESPECIFICAS NA TRAMITACIÓN DE LICENZAS....19
ARTIGO 24.- SUBSANACIÓN E MELLORA DA SOLICITUDE....19
ARTIGO 25.- REQUIRIMENTOS PARA CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS....19
ARTIGO 26.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS....19
ARTIGO 27.- INFORMES....19
ARTIGO 28.- SUBROGACIÓN....19
ARTIGO 29.- SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO....19
ARTIGO 30.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO....20
ARTIGO 31.- PRAZOS MÁXIMOS PARA A RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTOS....20
ARTIGO 32.- RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO....20
ARTIGO 33.- VIXENCIA DAS LICENZAS....20
ARTIGO 34.- CADUCIDADE DAS LICENZAS....20
ARTIGO 35.- OBRAS E USOS PROVISIONAIS....21
ARTIGO 36.- EXTINCIÓN DAS LICENZAS....21
ARTIGO 37.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS....21
ARTIGO 38-. LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN....22
ARTIGO 39.- INICIO DAS OBRAS....22
CAPÍTULO III.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE COMUNICACIÓNS PREVIAS....23
ARTIGO 40.- PRESENTACIÓN....23
ARTIGO 41.- EFECTOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS....23
ARTIGO 42.- CAUSAS DA INEFICACIA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS....24
ARTIGO 43.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS. PROCESO DE VERIFICACIÓN DOCUMENTAL....24
ARTIGO 44.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES....25
ARTIGO 45.- MODIFICACIÓN DA ACTIVIDADE....25
ARTIGO 46.- PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS AMPARADAS NUNHA COMUNICACIÓN PREVIA....26
CAPÍTULO IV.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓNS RESPONSABLES....26
ARTIGO 47 .- PRESENTACIÓN....26
ARTIGO 48.- EFECTOS DAS DECLARACIÓN RESPONSABLE....26
ARTIGO 49.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES....27
ARTIGO 50.- MODIFICACIÓN DAS ACTIVIDADE SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE....27
CAPÍTULO V.- TRATAMENTO DE INCIDENCIAS DURANTE AS OBRAS....28
ARTIGO 51.- EXECUCIÓN DAS OBRAS E MODIFICACIÓNS DO PROXECTO....28

ARTIGO 52.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUÍR AS OBRAS....28
ARTIGO 53.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA OU INSTALACIÓN....28
ARTIGO 54.- ABANDONO OU PARALIZACIÓN DAS OBRAS....29
TITULO IV CONTROL POSTERIOR 31
CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS....31
ARTIGO 55.- ÁMBITO DE APLICACIÓN....31
ARTIGO 56.- INICIO DO PROCEDEMENTO....31
ARTIGO 57.- ACTA DE COMPROBACIÓN E INFORME DE CONTROL....32
ARTIGO 58. CONTIDO DO INFORME DE CONTROL OU ACTA DE COMPROBACIÓN....32
ARTIGO 59.- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA....32
ARTIGO 60- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE INICIO DE ACTIVIDADE....33
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS....35
DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA....35
DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa....35
DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor....35

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 recoñece aos municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses, esixindo que se lles dote de tódalas competencias propias e exclusivas que sexanreal necesarias para satisfacer o interese respectivo, deixando ao lexislador ordinario a concreción da configuración institucional.

Dita concreción queda plasmada na *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, que coa redacción dada pola *Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local,* establecendo que un municipio, na súa cualidade de Administración Pública de carácter territorial, ostenta potestade regulamentaria e de autoorganización, implicando que para para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas propias competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

De igual forma lexitima, no ámbito material do urbanismo, o exercicio das competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, posibilitando a regulación dos procedementos de intervención e control, naqueles supostos de obras e actividades que pola súa entidade e incidencia no contorno urbanístico ou ambiental, teñan que someterse segundo o caso, ao réxime de licenza, comunicación previa ou declaración responsable.

En base a todo o anterior, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada en data 28/10/2013, aprobou definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, publicándose no BOP de Pontevedra nº 235, do 09/12/2013, e modificándose os seus anexos por resolucións da vicepresidenta da XMU de datas 20/01/2014 (BOP nº53, do 18/03/2014), 06/03/2014 (BOP n º103, do 30/05/2014), 12/11/2015 (BOP nº 2, do 05/01/2015), 15/03/2019 (BOP nº 101, do 29/05/2019), 14/07/2020 (BOP n º142, do 27/07/2020), do 18/11/2022 (BOP PO 21/12/2022),do 17/01/2023 (BOP 10/02/2023) e do 29/05/2024 (BOP do 7/06/2024)..

A través da referida ordenanza, establecéronse as disposicións xerais necesarias para facilitar a liberdade de establecemento, a libre prestación dos servizos, e planificándose os novos procesos de comunicación precisos para o seu control posterior, e simplificando, en xeral, os procedementos instaurados.

Coa aprobación da Ordenanza, facilitouse e facultouse a posta en marcha de actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación da *Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio,* e a *Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos,* así como doutras non incluídas, de menor impacto ambiental e das obras ligadas ao acondicionamento de locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra, de conformidade coa *Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación*, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades.

Non obstante, no transcurso de mais unha década de vixencia da devandita ordenanza, tense producido diversas modificacións normativas que inflúen de forma directa no eido das súa materia, entre as que destacan a *Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* coa que o lexislador autonómico trata de avanzar na senda da eliminación das trabas administrativas previas ao exercicio dunha actividade iniciada na Comunidade Autónoma a través da lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis e o seu desenvolvemento regulamentario (que levou a cabo un profundo proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12/12/2006, relativa aos servizos no mercado interior).

Conforme a todo o anterior, a Lei 9/2013 do 19 de novembro, establece un réxime xurídico único no exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio de actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento). En definitiva, a

nova norma regula as actividades inocuas, as actividades obxecto de incidencia ambiental e os espectáculos públicos e as actividades recreativas, dotando ás actividades económicas dun réxime xurídico de intervención administrativa homoxéneo e adaptado ao marco legal de liberdade de exercicio; e para que a liberalización das actividades sexa efectiva, modifica a regulación das licenzas de obra, establecendo como réxime xeral o da comunicación previa, xunto cunha reserva para as licenzas nos casos nos que a normativa estatal así o esixa.

Debe destacarse de forma particular o impacto resultante do *Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE)* (DOG n °213, do 09/11/2016), afectando singularmente á materia en cuestión, toda vez que concreta o réxime xurídico así como o procedemento de intervención administrativa das actividades incluídas na Lei 9/2013, abarcando as inocuas, clasificadas e os espectáculos públicos e actividades recreativas. Débese destacar o recollido na súa disposición final primeira, que establece que "*(...) No prazo máximo de 9 meses dende a publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia, os concellos aprobarán a Ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e a apertura de establecementos públicos prevista no apartado primeiro do artigo 4*". Polo tanto, o cumprimento do dito mandato, implica a necesidade de proceder á modificación da nomeada *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licencias urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.*

Así mesmo, de igual xeito, deben sinalarse igualmente as modificacións operadas na normativa urbanística pola *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)*, así como no *Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016 do Solo de Galicia*, e que consolidan a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa, mantendo a esixencia da licenza urbanística para os actos que expresamente se relacionan na devandita Lei 2/2016. Tales normas, que afectan as mesmas actividades referidas no parágrafo anterior, prevén a aprobación polos Concellos dunha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no seu ámbito de aplicación.

Merece tamén mención destacada, a reforma na materia que nos ocupa levada polo *Real Decreto-Lei 20/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables* (BOE nº 305, do 22/12/2021), que actúa sobre un dos aspectos máis críticos para o despregue da mobilidade eléctrica: o desenvolvemento da infraestrutura da recarga pública, en particular, aquela de alta capacidade, que evite a sensación de ansiedade de autonomía, que detrae a moitos compradores da decisión de adquirir e usar vehículos eléctricos en desprazamentos interurbanos de longa distancia.

A consecuencia do marcado pola normativa comunitaria en relación ás medidas a adoitar polos estados membros co obxectivo de acadar no ano 2050 un parque de turismos e vehículos comerciais lixeiros sen emisións directas de CO_2, fíxase como obxectivo a evolución efectiva da infraestrutura de recarga dos vehículos eléctricos, para o que modifícase o artigo 48 da *Lei 24/2013, do 16 de decembro, do Sector eléctrico*, para incluír un novo apartado no se que establece que para a instalación de puntos de recarga non poderá esixirse por parte das Administracións Públicas competentes a obtención de licenza ou autorización previa de obras, instalacións de funcionamento ou de actividade, de carácter medioambiental nin outras de clase similar ou análogas, que serán substituídas por declaracións responsables, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

Por todo o anteriormente exposto, especialmente o mandato derivado do *Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE),* que impón a obriga aos concellos para aprobar unha ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e a apertura de establecementos públicos, iníciase a modificación da ata o de agora vixente *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.*

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención e control do Concello de Vigo nos casos de obras e actividades que pola súa entidade, incidencia no contorno urbanístico ou no ambiente teñan que someterse, dependendo do caso, ao réxime de licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

Asemade, establece a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no ámbito de aplicación do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, DECRETO 144/2016.

2.- A ordenanza dítase en desenvolvemento da lexislación de réxime local, da Directiva de servizos 2006/123 CE e da normativa estatal e autonómica.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- Están sometidos ao ámbito de aplicación desta ordenanza todo tipo de actos de edificación, construcións, instalacións e uso do solo e subsolo, así como o exercicio de actividades ou servizos que esixan a intervención da administración en execución da súa función de policía na orde urbanística, coa finalidade de verificar o axuste ao planeamento, normas urbanísticas, en materia de seguridade, sanitaria, ambiental e demais que resulten esixibles, sen prexuízo das competencias sectoriais propias atribuídas a outros servizos municipais.

2.-Quedan excluídas do ámbito de aplicación a instalación de terrazas en terreos de titularidade pública e terreos de titularidade privada de uso público, a venda ambulante, e outras ocupacións de dominio público municipal suxeitas as súas propias ordenanzas.

ARTIGO 3.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN NA ACTIVIDADE URBANÍSTICA

1.- O Concello de Vigo poderá intervir na actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

a) Ordenanzas e bandos.

b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo, sen prexuízo das excepcións previstas na lexislación de aplicación

c) Sometemento a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido na lexislación reguladora do procedemento administrativo

d) Sometemento a control posterior ao inicio da actividade e os acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo suxeitos a comunicación previa, para os efectos de verificar o cumprimento da normativa reguladora.

e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición.

A actividade de intervención axustarase en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade en relación co fin que se persegue.

2.- As licenzas ou autorizacións outorgadas por outras administracións públicas non eximen os seus titulares de obter o correspondente titulo habilitante das entidades locais, respectándose en todo caso o disposto nas leis sectoriais.

3.- Naqueles casos nos que a actuación pretendida pola persoa interesada requira dalgunha autorización, cualificación, ou informe favorable doutra administración pública distinta da municipal, que resulte esixible pola lexislación sectorial aplicable, o outorgamento da licenza urbanística ou a presentación da comunicación previa ou declaración responsable requirirá a previa emisión e incorporación ao expediente da dita autorización, cualificación ou informe.

4.- Con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo, coas excepcións reguladas na lexislación sectorial.

ARTIGO 4.- DEFINICIÓNS

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

1.- Autorización ou licenza: acto regrado da autoridade municipal competente pola cal autorízaselle á persoa solicitante a execución material dos actos de edificación e uso do solo proxectados, logo da comprobación de que se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúnen as condicións exixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

2.- Comunicación previa: o acto xurídico dunha persoa particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación e faculta a Administración para verificar a conformidade dos datos recollidos nela.

3.- Declaración responsable: documento subscrito por unha ou un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio. Estes requisitos estarán recollidos de maneira expresa e clara na correspondente declaración responsable.

4.- Procedemento de verificación: procedemento municipal de comprobación formal dos datos recollidos na comunicación previa e de integridade documental respecto daqueles documentos que deben achegarse xunto con esta nos termos legalmente establecidos.

5.- Procedemento de control posterior: o procedemento municipal de inspección de obras e actividades para determinar a adecuación destes á comunicación previa presentada e á normativa aplicable e o cumprimento dos requisitos materiais a que se atopan suxeitos.

ARTIGO 5.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA

Quedarán suxeitas a licenza previa aquelas actuacións urbanísticas que consonte á normativa urbanística vixente, estean sometidas ao deber de obter licenza e en todo caso:

1. Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

2. As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

3. As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

4. Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.

5. Os grandes movementos de terras e as explanacións.
6. As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, excepto as efectuadas en virtude de proxectos de compensación, equidistribución, normalización ou similar.
7. A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
8. A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.
9. A apertura de establecementos abertos ao público, nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas, cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor e aqueles cuxa normativa específica exixa a concesión de licenza.
10. A montaxe de instalacións e a celebración de espectáculos e actividades recreativas, incluídas as de carácter extraordinario,, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.

ARTIGO 6.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

Estarán suxeitas a comunicación previa de conformidade coa normativa que resulte de aplicación:

1. Os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo non suxeitos a licenza previa de conformidade coa lexislación urbanística.
2. A realización de obras de apontoamento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas. Neste caso, cando a urxencia o requira, non será necesaria presentar a comunicación cunha antelación de 15 días hábiles, e baixo a responsabilidade da persoa interesada e a persoa directora das obras, poderán realizarse inmediatamente.
3. A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, excepto a apertura de establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e as sometidas a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
4. Cambios de titularidade de licenzas de obras en curso de execución.
5. Cambios de titularidade de títulos habilítante (licenza ou comunicación previa) de actividade vixentes. Para estes efectos non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de caducidade, revogación ou renuncia, ou aquelas nas que se producisen reformas substanciais dos locais ou modificación da clase de actividade.
6. Inicio de obras de nova planta, ampliación ou reestruturación total autorizadas por licenza previa.
7. A primeira ocupación das edificacións amparadas en licenza.
8. Aquelas actuacións que de conformidade coa lexislación estatal ou autonómica queden sometidas a este réxime

ARTIGO 7.- ACTOS SUXEITOS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

Estarán suxeitos a declaración responsable de conformidade coa normativa que resulte de aplicación:

1. A apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, excepto aqueles suxeitos a licenza previa, de conformidade coa lexislación vixente, enumerados no artigo 5.

2. Aquelas actividades ou obras que de conformidade coa lexislación estatal ou autonómica queden sometidas a este réxime.

ARTIGO 8.- ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO

1. Cando as actuacións urbanísticas se realicen por particulares en terreos de dominio público, esixirase o titulo habilitante, independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da administración titular do dominio público.

2. Ditas autorizacións ou concesións deberán achegarse coa solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, no seu caso.

3. A presentación da comunicación previa ou declaración responsable sen a correspondente autorización ou concesión en ningún caso constituirá título habilitante para o inicio dos actos de construción, uso do solo ou actividade.

4. Cando a autorización ou concesión sobre terreos de dominio público corresponda a administración municipal e no procedemento de outorgamento da concesión ou autorizacións se tivese constatado a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial aplicable, cumpríndose os trámites esixibles, as licenzas de obras e de actividade entenderanse outorgadas na propia resolución que estableza a autorización ou a concesión.

ARTIGO 9 .- CRITERIOS INTERPRETATIVOS NO SOMETEMENTO AOS PROCEDEMENTOS ANTERIORES

Para a execución das obras ou para o exercicio de actividades as persoas interesadas terán que axustarse ao procedemento de licenza, comunicación previa ou declaración responsable nos termos dispostos nesta ordenanza.

Cando algunha das actuacións que se pretenden executar non se axustasen a algúns dos supostos establecidos nos anexos desta ordenanza, asimilarase coa que presente maior coincidencia, aplicándolle o seu réxime.

ARTIGO 10 .- ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO ACHEGADO

1.- O erro na cualificación do escrito achegado pola persoa interesada na elección dalgúns dos procedementos de sometemento a licenza, no de comunicación previa ou declaración responsable, non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter.

O concello notificaralle á ou ao interesado para lle facer constar tal circunstancia e , no seu caso, requirirá a documentación que sexa precisa para a continuación do procedemento que corresponda.

2.- Cando a persoa interesada presentase ante o concello unha comunicación previa ou declaración responsable sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá executar a obra ou iniciar a actividade ata que obteña a preceptiva autorización e, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia.

No caso de que se executasen obras non incluídas no réxime de comunicación previa requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

Se iniciase a actividade requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

3.- Cando a persoa interesada solicitase ante o concello unha licenza cando o réxime aplicable é o de comunicación previa ou declaración responsable, notificaráselle para lle sinalar que debe de achegar a

documentación correspondente e que non poderá executar a obra ou desenvolver a actividade en tanto non presente a devandita documentación.

ARTIGO 11.- RESPONSABILIDADES

1.- O persoal técnico asinante da documentación técnica achegada será responsable da súa calidade e axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso

2.- A dirección facultativa das obras e instalacións proxectadas (dirección de obra de obra e dirección de execución, segundo as súas competencias) será responsable da conformidade da obra ca documentación técnica aprobada, coas normas aplicables e, en ausencia de regulamentación e instrucións específicas, coas normas técnicas de recoñecemento xeral e bo facer técnico e construtivo.

3.- O persoal técnico asinante das certificacións ou declaracións que se acheguen será responsable da exactitude e da veracidade dos datos e determinacións técnicas contidos nelas.

4.- As persoas titulares e promotoras serán responsables durante o desenvolvemento das actividades, do cumprimento das determinacións contidas na documentación técnica consonte coa cal foron concedidas as licenzas ou, na documentación técnica anexa á comunicación previa ou declaración responsable, así como da efectiva instalación e cumprimento das condicións impostas pola administración municipal ou outra autoridade competente.

TÍTULO II: INFORMACIÓN URBANÍSTICA E PROCEDEMENTOS PREVIOS

ARTIGO. 12 NORMAS COMÚNS AOS ACTOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

1.- A contestación da información urbanística ou consulta urbanística común e especial, non exime do deber de comunicación previa, declaración responsable ou de obter a licenza urbanística correspondente.

2.- A contestación as consultas urbanísticas, común e especial, non terá efecto vinculante para a Administración municipal. Asemade contra elas non cabe a interposición de recurso ningún.

ARTIGO. 13 INFORMACIÓN URBANÍSTICA ou CONSULTA URBANÍSTICA COMÚN

1. Poderanse formular consultas por escrito relativas á situación urbanística dunha determinada parcela, soar, inmoble ou local, así como dos actos ou usos do solo o subsolo permitidos e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate.

2. A consulta será contestada nun prazo máximo de dous meses, unha vez presentada no rexistro a solicitude. Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou inmoble a solicitude deberá ir acompañada dun plano a escala mínima 1:2000, realizado sobre Cartografía Oficial de Vigo, no que se sinalen a forma e superficie da parcela ou inmoble obxecto da consulta.

ARTIGO.14 CONSULTA URBANÍSTICA ESPECIAL

1. As persoas interesadas poderán formular consultas urbanísticas especiais para resolver as dúbidas de interpretación que lles poida suscitar a aplicación dun ou varios preceptos da normativa urbanística presentando propostas técnicas sobre unha actuación urbanística concreta.

2. Deben formularse obrigatoriamente as consultas previas que expresamente están recollidas nas *Normas Urbanísticas* do planeamento xeral ou de desenvolvemento, por razóns de protección do patrimonio histórico ou por circunstancias expresas, ou noutros casos análogos.

3. A consulta poderá acompañarse dunha ou varias propostas. En todo caso, a documentación aportada deberá vir firmada por técnico/a competente, e ser suficiente para coñecer e valorar a cuestión técnica presentada; noutro caso poderase instar á persoa interesada para que complete ou aclare o seu contido.

4. Se ningunha das propostas técnicas fose conforme á normativa urbanística, os servizos técnicos municipais poderán informar ao solicitante das rectificacións precisas.

5.- No caso de propostas concretas para actuacións suxeitas a licenza, a resposta deberá ser ratificada polo órgano competente para autorizar o futuro proxecto, salvo nos casos nos que o planeamento de desenvolvemento estableza outro procedemento.

6.- A contestación da consulta deberá producirse no prazo máximo de tres meses. Non en tanto, o prazo será interrompido nos casos nos que deba de recabarse informe ou ditame preceptivo.

ARTIGO. 15 ALIÑACIÓN OFICIAL

1. Denomínase aliñación oficial a liña sinalada polo planeamento para establecer o límite que separa os solos destinados a vía pública ou espazos libres públicos das parcelas edificables.

2. Como documento xurídico-urbanístico, a aliñación oficial recollerase na "Acta de aliñacións e rasantes".

3. A "Acta de aliñacións e rasantes" é o plano formalizado pola Administración municipal, no que se sinalan, ademais das circunstancias de deslinde contempladas no primeiro parágrafo, o estado da urbanización, as

obras de urbanización necesarias para converter a parcela en soar, no caso de parcelas en solo urbano consolidado, a superficie aproximada de cesión gratuíta ou de expropiación, se é o caso, e o importe aproximado dos gastos de urbanización afectos ao predio, se os houbese.

4. A "Acta de aliñacións e rasantes" deberá ser expedida nun prazo máximo de dous meses, unha vez presentada no rexistro a solicitude ca documentación completa.

5. As actas de aliñacións e rasantes terán vixencia indefinida, con todo calquera alteración do planeamento dará lugar a que queden sen efecto as actas de aliñación practicadas con anterioridade á súa aprobación, que poderán rehabilitarse no caso de que a dita modificación non afectase ás aliñación.

6. Poderanse modificar as condicións de urbanización e os gastos de urbanización afectos ao predio no caso de reurbanizacións das rúas con posterioridade a solicitude do acta de liña.

ARTIGO. 16 PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE

1.- No caso de obras, instalacións, construcións e edificacións existentes rematadas, realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, das cales transcorrese o prazo para que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, as persoas propietarias poderá solicitar a declaración do concreta situación urbanística das obras.

2.- Enténdese que a edificación está rematada cando estea ultimada e disposta a servir ó uso ó que se destina e en condicións de ser ocupada, sen necesidade de obra complementaria, agás, de ser o caso, as relativas aos revestimentos exteriores de paramentos e cubertas que non resulten exixibles como condición técnica de seguridade da edificación.

3.- Para os efectos da declaración de fora de ordenación, considerase que unha obra sirve ao fin a que estea destinada cando cumpra as seguintes condicións básicas:

a) Dispón de accesibilidade adecuada en condicións de seguridade.

b) A súa implantación non xera impactos que supoñan riscos previsibles para as persoas ou bens.

c) Conta coas necesarias condicións de seguridade estrutural e de utilización, conforme ao uso ao que se destina.

d) Reúne condicións adecuadas de salubridade para que non se vexa afectada a saúde das persoas na súa utilización, nin se alteren as condicións ambientais da súa contorna.

e) Os espazos habitables resultan aptos para o uso ao que se destinan por reunir uns requisitos mínimos de funcionalidade.

O recoñecemento de que a edificación reúne as condicións básicas en materia de seguridade, habitabilidade e salubridade, determina a aptitude física da edificación pero non presupón o cumprimento dos requisitos e condicións que foren esixidos para autorizar as actividades que na mesma leven a cabo.

Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A declaración da situación urbanística da obra terminada non modifica o carácter ilegal dela, e en consecuencia serao sen prexuízo daquelas responsabilidades que puidesen incorrer o seu titular ou da instrución daqueloutros procedementos a que dese lugar.

4.- Non procederá a declaración nos seguintes casos:

a) Que non tivera transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, establecido pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, dende o remate total das obras, no momento da solicitude, aínda que non estea incurso nun procedemento restaurador da legalidade.

b) Que antes de que transcorrera o prazo de prescrición das obras, construcións o instalacións, estas ocuparan ou invadiran o dominio público.

c) Que as obras, construcións o instalacións se atopen en solo clasificado polo planeamento como vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos no momento no que se acredite o remate total das obras.

5- O procedemento se iniciara coa solicitude por parte das persoas propietarias, acompañada da documentación completa que figura nos anexos desta ordenanza, e o prazo máximo de resolución será de seis meses. A dita solicitude deberá ir acompañada da documentación establecida no anexo desta ordenanza.

6- Na resolución do procedemento polo órgano competente para autorizar as licenzas de obra, constara, ademais da súa localización, a descrición da obra, instalación, construción e edificación, o uso ao que se destina e, no seu caso, as medidas correctoras necesarias, a data de remate da mesma e o réxime aplicable de conformidade co artigo 90 da LSG e o planeamento vixente e as limitacións da declaración solicitada.

TITULO III.- MEDIOS DE INTERVENCIÓN E TIPOS DE PROCEDEMENTO

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS COMÚNS A TODOS OS PROCEDEMENTOS

ARTIGO 17.- NORMATIVA

As solicitudes de licenzas, comunicacións previas e declaración responsable axustaranse aos procedementos sinalados nesta ordenanza que se aplicarán consonte ás disposicións establecidas na normativa de procedemento administrativo, ás especialidades contidas na lexislación local, urbanística e ambiental de Galicia, sen prexuízo do establecido por outras normas de rango superior á presente ordenanza.

ARTIGO 18.- CLASES DE PROCEDEMENTO

A intervención urbanística no termo municipal do Concello de Vigo tramitarase polos seguintes procedementos:

- Comunicación previa.

- Declaración responsable.

- Licenza urbanística previa .

ARTIGO 19.- DEREITOS DOS SOLICITANTES

As persoas solicitantes nos procedementos urbanísticos terán os dereitos establecidos con carácter xeral na normativa de aplicación, entre outros, os seguintes:

-Á tramitación do procedemento sen dilacións indebidas.

-A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos e técnicos que a normativa impón aos proxectos, actuacións ou solicitudes, comunicacións ou declaracións que as persoas interesadas pretendan realizar.

-A utilizar medios electrónicos na tramitación dos procedementos.

-A non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate ou que xa obren no poder dos servizos municipais.

-A coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación do procedemento no que teñan a condición de interesado/a e a obter copia dos documentos contidos nel.

-A que as resolucións denegatorias das licenzas estean debidamente motivadas.

-A presentar queixas, reclamacións e suxestións sobre o funcionamento dos servizos.

ARTIGO 20.- DEBERES DOS SOLICITANTES

As persoas solicitantes nos procedementos urbanísticos terán os deberes establecidos con carácter xeral na normativa de aplicación, entre outros, os seguintes:

- Presentar a documentación completa esixible.
- Atender os requirimentos municipais de corrección de deficiencias ou reparos, tanto formais como materiais, derivados das solicitudes de licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables.
- Nas obras suxeitas a licenza, dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal e no caso das obras maiores a colocación de cartel indicador cos datos que se mencionan no artigo 357 do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia ou norma que o substitúa.

- Nas obras suxeitas a comunicación previa e nos locais nos que se realice unha actividade, ter a disposición dos servizos municipais a comunicación previa ou declaración responsable debidamente dilixenciada, facilitando o acceso á obra ou local ao persoal dos devanditos servizos, para inspeccións e comprobacións sobre o cumprimento da normativa aplicable.
- Reflectir á entrada do local, en lugar ben visible, o aforo máximo do local xunto coa actividade que conste no titulo habilitante (licenza, comunicación previa ou declaración responsable)
- Realizar os trámites nos prazos establecidos, téndoselles por decaidos no seu dereito ao trámite correspondente en caso contrario. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais se se producise antes ou dentro do día en que se lle notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.
- Notificar a data de iniciación das obras.
- Iniciar e executar as obras nos prazos establecidos pola normativa vixente.
- Prestar a colaboración necesaria aos inspectores e técnicos municipais, a fin de permitirlles realizar calquera tipo de medicións, exames, controis, tomas de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento das súas funcións de comprobación, control e inspección municipal.

ARTIGO 21.- MODELOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1.- A Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo aprobará e terá actualizados modelos de solicitude de licenza, comunicación previa e declaración responsable, que han ser publicados para o seu xeral coñecemento, entre outro medios, na sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a través da sede electrónica. No caso de persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións públicas de conformidade co artigo 14.2 da *Lei 39/201, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas* (LPA, en adiante), poderán presentala de forma presencial no rexistro da Xerencia de Urbanismo ou nos lugares establecidos pola LPA

3.- A presentación de proxectos ou documentación técnica realizarase de conformidade cas "Normas para a Presentación de Proxectos Técnicos en Formato Dixital" incluídas nos anexos desta Ordenanza.

ARTIGO 22.- EXECUCIÓN DE OBRAS E EXERCICIO DE ACTIVIDADES

1.- A execución das obras e o exercicio de actividades cumprirán as disposicións vixentes en materia de edificación, infraestruturas, seguridade e saúde no traballo. As dimensións e características das obras e actividades non excederán das comunicadas ou autorizadas. Considerase infracción urbanística calquera extralimitación destas.

2.- As condicións manifestadas ao concello deben de manterse durante a execución de obras e o exercicio da actividade, coa obriga de que de producírense cambios nas obras ou actividade deberán de poñerse en coñecemento da administración a través dos procedementos oportunos.

ARTIGO 23.- OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

1.- Cando unha obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia, e xunto coa comunicación previa ou a solicitude de licenza de obra achegarase a documentación necesaria para a actividade.

2. Unha vez rematada a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos en que sexa exixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable, para o inicio da actividade ou a

apertura do establecemento segundo modelo normalizado correspondente coa documentación preceptiva de conformidade cos anexos desta ordenanza.

CAPÍTULO II.- DISPOSICIÓNS ESPECIFICAS NA TRAMITACIÓN DE LICENZAS.

ARTIGO 24.- SUBSANACIÓN E MELLORA DA SOLICITUDE.

No momento de achegar a solicitude, e realizada a verificación documental se esta non reúne os requisitos ou se a documentación estivese incompleta requirirase a persoa interesada para que no prazo de 10 días corrixa a falta ou achegue a documentación preceptiva con indicación de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición, mediante resolución expresa.

ARTIGO 25.- REQUIRIMENTOS PARA CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS.

1.- O transcurso do prazo máximo para ditar resolución expresa non se computará ata que a documentación estea completa.

2.- Se o requirimento non se leva a cabo de forma completa ou se efectúa de maneira insuficiente a licenza será denegada.

ARTIGO 26.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

1.- As actuacións que se pretendan realizar en terreos ou bens que esixindo a intervención do concello precisen ademais de autorizacións sectoriais doutras administración consonte coa normativa sectorial de aplicación, deberán achegarse ou xustificar a súa solicitude pola persoa interesada. No caso de que non conte coa devandita autorización o procedemento de tramitación quedará en suspenso ata que se lle notifique ao Concello a resolución recaida.

2.- No caso de autorizacións sectoriais que resulten preceptivas e previas á solicitude de licenza, deberán ser achegadas pola persoa interesada coa solicitude de licenza. En defecto da devandita autorización previa, non se poderá entender iniciado o prazo máximo para resolver o expediente

ARTIGO 27.- INFORMES

1.- A vista da documentación achegada, os servizos municipais emitirán os informes técnicos e xurídicos consonte coa normativa urbanística vixente.

2.- Agás o disposto no artigo 33, cando na instrución do procedemento sexa preceptivo informe de órgano distinto a aquel que ten a competencia para resolver, ou doutra administración, este tramitarase no prazo de 10 días, salvo que unha disposición ou cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor.

ARTIGO 28.- SUBROGACIÓN

Durante a tramitación dos procedementos poderá producirse a subrogación dunha nova persoa solicitante, sempre que se acredite a aceptación do solicitante inicial. A tramitación do expediente continuará a nome da nova persoa titular e partirase da mesma situación na que se atopaba o anterior.

ARTIGO 29.- SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO.

O procedemento administrativo suspenderase, sen prexuízo do establecido, no seu caso, na lexislación sobre procedemento administrativo, nos seguintes casos :

- Cando se precise da obtención de autorizacións sectoriais doutras administracións consonte coa normativa sectorial de aplicación ata que se notifique ao Concello a resolución recaida.

- A solicitude de informes que sexan preceptivos e vinculantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta administración, suspenderá o prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución polo tempo que medie entre a petición do informe e a súa recepción, debendo comunicarse ás persoas interesadas tales circunstancias.

ARTIGO 30.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- Corrixidas, no seu caso, as deficiencias, emitidos os informes preceptivos e completo o expediente formularase proposta de resolución de:

a) Outorgamento con indicación dos requisitos e, no seu caso, as medidas correctoras que a actuación solicitada deberá cumprir.

b) Denegación coa motivación detallada das razóns desta.

2.- Con carácter previo á emisión da resolución constituiranse, cando sexa procedente, os avais necesarios para garantir a execución das obras de urbanización e reparación dos danos en zonas públicas.

3.- A resolución do órgano competente deberá producirse no prazo máximo establecido nesta ordenanza para cada tipo de procedemento, prazo que contará dende a data na que se considere iniciado o expediente.

ARTIGO 31.- PRAZOS MÁXIMOS PARA A RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTOS

O órgano competente deberá outorgar ou denegar as licenzas urbanísticas resolvendo os procedementos no prazo máximo de tres meses, consonte coa normativa urbanística de aplicación, todo isto sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.

Para os efectos do cómputo de prazos, este comeza a contar dende a data de entrada da documentación completa no rexistro municipal.

ARTIGO 32.- RÉXIME XURÍDICO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

Transcorridos os prazos sinalados para resolver as solicitudes de licenza coas interrupcións legalmente procedentes, sen que a administración municipal adoptase resolución expresa operará o silencio administrativo na forma legalmente establecida.

ARTIGO 33.- VIXENCIA DAS LICENZAS

1.- As licenza urbanísticas outorgaranse con suxeición a un prazo determinado tanto para o inicio como para a finalización de obras e instalacións.

2.- Os prazos de inicio, terminación e interrupción serán establecidos no acto de outorgamento da licenza e, no seu defecto, estes serán os establecidos na normativa urbanística de aplicación.

3.- Poderán concederse prórrogas dos referidos prazos, logo da solicitude expresa e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

ARTIGO 34.- CADUCIDADE DAS LICENZAS

1.- A caducidade será declarada por resolución expresa, logo do procedemento con audiencia as persoas interesadas; poderanse adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, de se estimar oportuno.

2.- Poderase declarar a caducidade das licenzas de obra nos seguintes supostos:

a) Cando non se tivese iniciado a execución das actuacións amparadas por estas no prazo fixado na correspondente licenza ou, no seu defecto, no prazo de seis (6) meses dende a data do seu outorgamento.

b) Cando non se cumprise o prazo de terminación fixado na correspondente licenza ou, no seu defecto tres anos dende a data do seu outorgamento.

c) Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.

3.- Poderase declarar a caducidade das licenzas de actividade cando non se exerza a actividade para a cal foi concedida a licenza durante un período ininterrompido dun ano. Este período poderá ser ampliado ata un máximo de dous anos, no caso de espectáculos ou actividades recreativas que para o seu normal desenvolvemento precisen de períodos de interrupción ou inactividade. Deberase fixar o prazo que se aplicará na resolución pola cal se outorgou a licenza.

ARTIGO 35.- OBRAS E USOS PROVISIONAIS

1.- Nos supostos establecidos pola lei e polas Normas urbanísticas, poderán concederse licenzas urbanísticas para usos, construcións, edificacións e instalacións de carácter provisional estas deberán cesar en todo caso e ser demolidas, sen indemnización ningunha, cando o acorde o órgano competente do Concello de Vigo, unha vez extinguido o prazo indicado, se é o caso.

2.- A eficacia destas licenzas quedará condicionada á inscrición no Rexistro da Propiedade do carácter precario dos usos, as obras e as instalacións e a súa renuncia a calquera tipo de indemnización polo incremento de valor que puidese xerar a licenza, así como á prestación da garantía por importe mínimo dos custos de demolición e desmantelamento.

ARTIGO 36.- EXTINCIÓN DAS LICENZAS

As circunstancias que determinar a extinción de licenzas son:

a) A renuncia expresa da ou do titular, comunicada por escrito á Administración municipal, e aceptada por esta.

b) A revogación ou anulación da licenza ou clausura definitiva do establecemento por parte da administración municipal, consonte cos procedementos e normativa urbanística vixente.

c) A caducidade da licenza, previa tramitación do correspondente procedemento con audiencia á persoa interesada

d) A data de remate do período de tempo fixado na autorización concedida, no caso de licenzas temporais.

e) A comunicación previa de inicio dunha actividade nun establecemento que xa conte con licenza de apertura ou posta en funcionamento, determinará a extinción automática da licenza preexistente dende o momento que se achegue a nova comunicación previa.

f) Anulación desta mesma por resolución xudicial ou administrativa ou suspensión temporal dos seus efectos.

ARTIGO 37.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS

1.- As licenzas relativas ás condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles nos termos establecidos na normativa de aplicación.

A antiga e a nova persoa titular deberán unicamente comunicalo por escrito ao Concello de Vigo, facendo expresa referencia á licenza que queren transmitir, sen o cal quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación.

2.- A comprobación por parte do Concello de Vigo da inexactitude ou falsidade de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito.

3.- O consentimento da persoa titular anterior poderá ser substituído polo documento público ou privado translativo da propiedade ou posesión do inmoble, local ou soar.

4.- Non poderán ser invocados cambios de titularidade para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

ARTIGO 38-. LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN

1. As licenzas de edificación de nova planta ou de ampliación ou rehabilitación integral de edificacións existentes que se soliciten para terreos que non teñan condición de soar outorgaranse cando se asegure a execución simultánea da urbanización e a edificación, para o que, en caso necesario, deberá estar aprobado definitivamente o proxecto da rúa a que dea fronte, a fin de concretar o seu grao de urbanización da mesma, as súas seccións, pendentes, rasantes, instalacións, niveis etc., nos termos establecidos nas Normas urbanísticas.

No caso de que para completar a urbanización sexan necesarias unicamente obras accesorias e de escasa entidade será suficiente incluílas no proxecto de edificación, ampliación ou reforma.

2. A simultaneidade da urbanización e a edificación quedará suxeita ás seguintes fases:

- Antes de achaiar a estrutura da planta baixa deberá terse finalizado o movemento de terras, a explanación dos viarios, a apertura de gabias para o establecemento dos servizos de abastecemento de auga e enerxía eléctricas, telefonía, evacuación de augas, e outras que procedan, e realización das obras perimetrais correspondentes ao viario xeral.

- Antes de achaiar a altura total autorizada haberá de estar finalizada a instalación dos servizos citados así como a pavimentación en formigón de calzada e beirarrúas e colocación de farois de iluminación pública.

- Antes de finalizar a edificación deberá estar completada a execución do resto das obras de urbanización, han de estar en funcionamento todos os servizos ata o punto de enlace coas redes xerais e viarias xa establecidas con anterioridade.

3. O incumprimento da simultaneidade entre urbanización e edificación comportará as consecuencias fixadas no *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia*.

4. Con carácter previo ó outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía por importe do 100% do custo das obras de urbanización pendente ou do custo previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra ou actividade, que se devolverá de oficio, unha vez comunicada a primeira comunicación coa documentación completa, sempre que se tivesen cumprido, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas. No caso de obras das que non é necesaria primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte da ou do interesado do remate das obras, coa presentación de certificado final de obra, sempre que se tivesen cumprido, total e satisfactoriamente, as obrigas garantidas.

ARTIGO 39.- INICIO DAS OBRAS

1.- O inicio das obras de nova edificación, ampliación ou reestruturación xeral autorizadas mediante a correspondente licenza urbanística esixe en calquera caso o cumprimento dos seguintes requisitos:

– Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo da comunicación previa de inicio das obras.

– Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do correspondente Proxecto de execución, no caso de que non se tivese presentado previamente, e a documentación complementaria que proceda.

– Presentación no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo dun documento asinado pola ou polo técnico redactor do proxecto de execución, onde sinale que o proxecto técnico de execución se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

2.- O resto das obras, se foron autorizadas co proxecto básico e execución, poderán iniciarse dende o día da notificación da resolución de autorización da licenza . No caso de obras autorizadas co proxecto básico deberá cumprir os mesmos requisitos que a obra nova.

CAPÍTULO III.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE COMUNICACIÓNS PREVIAS

ARTIGO 40.- PRESENTACIÓN

1.- A comunicación deberá efectuarse no impreso normalizado que para cada actuación concreta se establece no Anexo Comunicacións Previas da presente ordenanza, acompañado da documentación complementaria preceptiva.

2.- As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán efectuarse cunha antelación previa mínima de quince días hábiles á data de inicio destas.

ARTIGO 41.- EFECTOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

1.- A presentación dunha comunicación previa non é unha autorización administrativa tácita, senón un medio para que a administración coñeza a existencia da actuación de que se trate e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas. Constitúe un titulo habilitante de natureza urbanística correspondendo a os seus titulares axustar o desenvolvemento da actividade ou a execución das obras as condicións indicadas na comunicación e as demais exixidas polo ordenamento xurídico.

2.-Nas comunicacións previas relativas á execución de obras, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado na lexislación urbanística, poderá iniciarse a obra, sempre e cando a documentación este completa nos termos establecidos na presente ordenanza e a actuación se axuste ao ordenamento xurídico aplicable, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección municipal.

3.- As actividades comunicadas poderán iniciarse dende a mesma data da súa posta en coñecemento na administración ou a data que sinale expresamente a persoa interesada na comunicación previa, sempre e cando a documentación este completa nos termos establecidos na presente ordenanza e a actuación se axuste ao ordenamento xurídico aplicable, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección municipal.

Non obstante, cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio ou desenvolvemento da actividade acompañada coa documentación indicada nesta ordenanza e os seus anexos.

4.- As comunicacións previas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

5.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade

afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Asemade, a resolución administrativa que constata tales circunstancias, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

6.- As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

7.- Como acto xurídico dunha persoa particular que habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, a comunicación previa non é susceptible de impugnación mediante recurso administrativo ou xudicial, sendo o único medio para impugnala mediante a solicitude de declaración da súa ineficacia

ARTIGO 42.- CAUSAS DA INEFICACIA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

1. Son causas de ineficacia das comunicacións previas:

a) O incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais a que estivese sometida a obra, a actividade ou o establecemento.

b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa.

c) A presentación da comunicación previa ante unha Administración incompetente para recibila ou cando a obra ou actividade estivese sometido a outro réxime de intervención administrativa.

2. Ademais da anteriores no caso de comunicacións previas de inicio de actividade son causas de ineficacia, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa conforme a normativa vixente para o exercicio da actividade

a) O non exercicio da actividade no prazo de seis meses contado desde que a comunicación previa habilite para o exercicio desta.

b) A interrupción da actividade durante un ano, contado desde a data en que se produciu esta interrupción.

ARTIGO 43.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS. PROCESO DE VERIFICACIÓN DOCUMENTAL

1.- A presentación da comunicación previa comportará o exame da integridade documental desta, desde un punto de vista formal, da inclusión de cantos datos e documentos veñan esixidos pola presente ordenanza, así como a competencia do Concello para a recepción da comunicación e a adecuación do medio de intervención utilizado para a actividade ou obra obxecto da comunicación.

2.- Unha vez recibida a comunicación, tras o exame formal da documentación, a tramitación dos actos comunicados axustarase as seguintes regras:

1.- Cando a documentación achegada estivese completa e se adecúe as prescricións desta ordenanza, esta producirá os efectos establecidos na normativa de aplicación, e poderán iniciarse as obras, unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles, ou exercer a actividade de que se trate . As actuacións de

verificación non exixen en ningún caso unha resolución ou acto administrativo nos supostos de que os datos e a documentación presentada estivesen completos.

2.- Cando a comunicación achegada sexa insuficiente, incorrecta ou inexacta notificaráselle á persoa interesada que se absteña de executar a súa actuación e concederáselle un trámite de subsanación da documentación esixible, no caso de deficiencias enmendables

3.- No caso de que no proceso de verificación detectásense deficiencias inemendables na documentación presentada incoarase o correspondente procedemento e declaración de ineficacia da comunicación previa. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.

4.- Cando se estime que a actuación comunicada non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, notificaráselle a/o solicitante coa indicación de que se absteña de executar a actuación, procedendo, de ser o caso, a continuación da tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas, declarando a ineficacia da comunicación previa .

3.- O control exercido a través do procedemento de verificación non prexulgará o cumprimento material dos requisitos esixidos pola lexislación e o planeamento urbanístico para a obra ou o exercicio da actividade, nin limitará as potestades administrativas de inspección, control e sanción, así como cantas resulten atribuídas ao Concello pola normativa de aplicación.

4.- Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación relativa á actividade.

5.- Cando deban realizarse diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmoble achegarase unha única comunicación previa.

ARTIGO 44.- CAMBIOS DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES

1. O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao Concello mediante o modelo normalizado e documentación preceptiva

2. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a obra actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo. En caso de que a nova persoa titular non presente a devandita comunicación, a anterior persoa titular eximirase de toda responsabilidade se acredita ante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

ARTIGO 45.- MODIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

1. A persoa titular da actividade debe poñer en coñecemento do órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento, incluídas as modificacións que se realicen.

2. É necesaria unha nova comunicación previa coa documentación completa nos seguintes casos:

a) Modificación da clase de actividade.

b) Cambio de localización.

c) Reforma substancial dos locais ou instalacións.

3. Tamén é necesaria unha nova comunicación previa cando se pretenda realizar calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento. Neste caso

coa comunicación previa só haberá que achegar os datos e documentos vinculados especificamente ao cambio proxectado.

ARTIGO 46.- PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS AMPARADAS NUNHA COMUNICACIÓN PREVIA

1. As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. O prazo para o inicio e remate das obras non poderá exceder dos tres meses e un ano respectivamente

2. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo.

3. As comunicacións previas e as súas prórrogas quedarán sen efecto cando non se executasen as actuacións nos prazos referidos, logo de audiencia ao interesado, sen prexuízo de que este poida presentar unha nova comunicación previa que, en todo caso, se axustará á normativa vixente no momento da súa presentación.

CAPÍTULO IV.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS NA TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓNS RESPONSABLES

ARTIGO 47 .- PRESENTACIÓN

1.- A declaración responsables deberá efectuarse no impreso normalizado que para cada actuación concreta se establece no Anexo de actividades recreativas e de declaracións responsables da presente ordenanza, acompañado da documentación complementaria preceptiva.

ARTIGO 48.- EFECTOS DAS DECLARACIÓN RESPONSABLE

1.- A presentación dunha declaración responsable non é unha autorización administrativa tácita, senón un medio para que a administración coñeza a existencia da actuación de que se trate e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

2.- As actividades ou instalacións suxeitas a declaración responsable poderán iniciarse dende a mesma data da súa presentación ou a data que sinale expresamente a persoa interesada na declaración responsable, sempre e cando a documentación este completa nos termos establecidos na presente ordenanza e a actuación se axuste ao ordenamento xurídico aplicable, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección municipal.

Non obstante, cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións suxeitas a licenza ou comunicación previa, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a correspondente declaración responsable da actividade acompañada coa documentación indicada nesta ordenanza e os seus anexos.

3.- As declaracións responsables non alterarán as situacións xurídicas privadas entre o suxeito e as demais persoas.

4.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do actividade ou a instalación afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Asemade, a resolución administrativa que constata tales circunstancias, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade

correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

5.- As obras e actividades suxeitas a declaración responsable realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

ARTIGO 49.- TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES.

1.- A presentación da declaración responsable comportará o exame da integridade documental desta, desde un punto de vista formal, da inclusión de cantos datos e documentos veñan esixidos pola presente ordenanza, así como a competencia do Concello para a recepción da declaración e a adecuación do medio de intervención utilizado para a actividade ou instalación.

2.- Unha vez recibida a declaración, tras o exame formal da documentación, cando a documentación ou os datos achegados sexa insuficiente, incorrecta ou inexacta notificaráselle á persoa interesada que se absteña de executar a súa actuación e concederáselle un trámite de subsanación da documentación esixible, no caso de deficiencias enmendables.

3.- No caso de que no proceso de verificación detectásense deficiencias inemendables na documentación presentada ou se estime que a actuación non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento notificaráselle á persoa interesada que se absteña de executar a súa actuación. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.

4.- Os titulares das actividades así coma, no seu caso, os promotores das instalacións, deberán conservar no local no que se desenvolve a actividade a documentación preceptiva subscrita por persoal técnico competente, que non fora achegada coa declaración responsable, a disposición do persoal municipal, co fin de facilitar as labores de control posterior. Asemade poderán ser requiridos para achegar ao Concello copia auténtica da documentación técnica acreditativa da concorrencia dos requisitos establecidos na normativa vixente para o desenvolvemento da actividade ou instalación

ARTIGO 50.- MODIFICACIÓN DAS ACTIVIDADE SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao Concello, con anterioridade ao desenvolvemento da actividade pola nova persoa titular, mediante o modelo normalizado e documentación preceptiva

2. Na comunicación do cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade e a dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, no caso de actividades incluídos no Catalogo de espectáculos públicos actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A persoa titular da actividade debe poñer en coñecemento do Concello, cando se produza, calquera modificación non substancial nun prazo de 15 días.

4. É necesaria unha nova declaración responsable coa documentación completa nos seguintes casos:

a) Modificación da clase de actividade.

b) Cambio de localización.

c) Reforma substancial dos establecementos.

5. Tamén é necesaria unha declaración responsable cando se pretenda realizar calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

CAPÍTULO V.- TRATAMENTO DE INCIDENCIAS DURANTE AS OBRAS

ARTIGO 51.- EXECUCIÓN DAS OBRAS E MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

1.- As obras e instalación executaranse consonte co proxecto técnico presentado e as condicións impostas na licenza.

2.- Se durante o transcurso dunha obra fose necesario ou conveniente introducir algunha variación no proxecto, distinguirase se as modificacións son substanciais ou se se trata de variacións de detalle ou derivadas de necesidades estruturais ou das condicións mecánicas do terreo de cimentación, sen que coa súa introdución se desvirtúen as características principais da licenza concedida ou modifícase o uso ou destino proxectado.

3.- Considerase que se altera significativamente (modificacións substanciais) o proxecto cando se produzan cambios de uso, cando se vexan afectadas as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, alturas , recuados e separación a lindeiros, número de vivendas, condicións de seguridade e outras similares.

No suposto de que se trate de modificacións substanciais, deberá solicitarse previamente a oportuna licenza, coa documentación esixida.

4.- Se a xuízo da dirección facultativa da obra se tratase de variacións de detalle, poderán continuarse os traballos baixo a responsabilidade da persoa titular da licenza, caso no que deberá presentar as modificacións antes de solicitar a inspección da planta baixa, cornixa e primeira ocupación, en cada caso e segundo sexa a parte afectada da obra, esixíráselle que coa presentación da solicitude incorpore memoria e planos da situación final da obra nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas.

5.- Durante o transcurso das obras os técnicos municipais realizaran as inspeccións que estimen necesarias, como parte das facultades do Concello de comprobación, control e inspección sobre os actos e usos do solo .

ARTIGO 52.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA AO CONCLUÍR AS OBRAS

1.- Dentro dos dez días seguintes á conclusión dunha obra, a/o propietaria/o deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e os andamios, valos e barreiras.

- Construír o piso definitivo das beirarrúas.

- Repoñer ou reparar o pavimento, arboredo, conducións e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectos pola obra, se non fose posible verificalo antes, a causa das operacións da construción.

2.- No suposto de incumprimento dalgunha destas obrigas, a autoridade municipal ditará as disposicións oportunas para remediar as deficiencias, repoñer os elementos urbanísticos afectados ou reparar os danos, podendo ordenar a execución dos traballos necesarios con cargo á fianza.

Subsidiariamente, no caso de subrogación, responderá a persoa propietaria da obra ou instalación e, no segundo lugar, o do soar, se este pertence a outra persoa.

3.- Nos casos de obra nova, rehabilitación integral ou cambio de usos a vivenda, unha vez rematada a obra, o propietario deberá presentar comunicación previa de primeira ocupación, ca documentación establecida no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 53.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA OU INSTALACIÓN

1.- En toda obra deberase ter a disposición do inspector municipal:

- O documento acreditativo da concesión da licenza ou copia selada da comunicación previa .

- Un exemplar do proxecto presentado.

- Copia da "Acta de aliñacións e rasantes"., si procede

- Copia da comunicación previa de inicio das obras, nos casos de obra nova

- Aqueloutra que poida corresponder por razón da obra.

2.- Nas obras maiores deberá figurar un «cartel de obra» en lugar visible con indicación de:

- Nome e apelidos de técnicos directores e de contratista.

- Ordenanza que se aplica.

- Usos aos que se vai destinar a construción e número de plantas autorizadas.

- Número do expediente administrativo da licenza ou comunicación previa, prazo de execución da obra e data de outorgamento da licenza nas obras suxeitas a licenza.

ARTIGO 54.- ABANDONO OU PARALIZACIÓN DAS OBRAS

No suposto de que as obras quedasen abandonadas ou paralizadas, ou se atopen en situación tal que afecten ao debido ornato público, a autoridade municipal poderá:

a) Ditar ordes de execución ao abeiro do artigo 332 e seguintes do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia*.

b) Comunicarlle ao servizo municipal competente para os fins establecidos no *Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares*.

TITULO IV CONTROL POSTERIOR

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 55.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.- Todas as actuacións incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza quedan suxeitas á acción inspectora municipal, que pode ser exercida en calquera momento

Este Concello velará polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o que está facultado para comprobar, investigar e inspeccionar as obras e/ou actividades co obxecto de verificar o cumprimento das condicións de funcionamento impostas, a adecuación á normativa que lle resulte aplicable e demais circunstancias que se produzan.

2.- O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa ou declaración responsable levarano a cabo os servizos municipais no xeito que se determine. Haberán de verificar a efectiva adecuación da obra e/ou da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que, no seu caso, poida iniciarse.

3.- O persoal municipal adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística. As persoas interesadas teñen o deber de cooperación para a comprobación administrativa da adecuación das obras e/ou actividades á normativa urbanística aplicable.

4.- No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade redactarase acta de comprobación. O feito de que se leven a cabo visitas de comprobación formalizadas na acta, non obsta para que administración municipal, en exercicio das facultades que ten atribuídas de control e inspección, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

ARTIGO 56.- INICIO DO PROCEDEMENTO

1.- O procedemento de control posterior iniciarase, de oficio, de conformidade co Plan de Inspección municipal, ou a instancia de parte, tras a presentación da comunicación ou declaración responsable e simultaneamente ou con posterioridade ao proceso de verificación documental e poderá realizarse en dúas fases:

- A verificación da adecuación do acto pretendido, segundo o proxecto e da documentación achegada, ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente, emitíndose polos servizos municipais os informes técnicos e xurídicos necesarios.

- A inspección das instalacións, establecementos, obras e actividades co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións de funcionamento e a adecuación á normativa vixente e cantos requisitos correspondan, no marco da documentación presentada xunto coa comunicación previa ou declaración responsable.

2.- No caso das actividades as persoas interesadas poden solicitar do Concello a realización dunha inspección de comprobación do local ou establecemento para efectos da comprobación da adecuación deste á normativa de aplicación e do cumprimento das condicións legais e técnicas da actividade. Neste caso o prazo para realizar as actuacións de inspección será de tres meses. A persoa solicitante deberá presentar no Concello solicitude de comprobación, no impreso normalizado cos datos establecidos no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 57.- ACTA DE COMPROBACIÓN E INFORME DE CONTROL.

1.- A acta de comprobación é aquel documento que se expide co fin de recoller o resultado das actuacións de comprobación e investigación, nos supostos de obras e actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable.

2.- As actas expediranse por duplicado e serán asinadas polo persoal inspector, e, no seu caso, polas persoas ante as que se expidan; estas quedaran notificadas no dito acto mediante achega de copia das actas.

3.- Son informes de control aqueles que se emitan pola inspección, de oficio ou a petición dos interesados, sexan preceptivos ou non consonte co ordenamento xurídico ou resulten necesarios para a aplicación da normativa urbanística.

3.- As actas de comprobación e os informes de control ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos neles, sen prexuízo das probas que, en defensa dos seus dereitos poidan achegar as persoas interesadas.

ARTIGO 58. CONTIDO DO INFORME DE CONTROL OU ACTA DE COMPROBACIÓN.

1.- Tanto a acta de comprobación como o informe de control terán o seguinte contido mínimo:

1.1.- Identificación do establecemento e actividade.

1.2.- Identificación da persoa titular ou, no seu defecto, responsable.

1.3.- Data da realización e das persoas que realizan a actuación de control.

1.4.- Descrición das actuación practicadas.

1.5.-Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas instalacións, procesos e actividades respecto da documentación técnica presentada xunto coa comunicación previa ou declaración responsable.

1.6.- Incidencias producidas durante a actuación de control.

1.7.- Manifestacións realizadas polo titular da actividade, sempre que solicite a súa constancia.

2.- Para mellor acreditación dos feitos recollidos nas actas de comprobación incorporarse nun informe complementario posterior a seguinte documentación:

2.1 Plano de situación segundo a cartografía do plan xeral en vigor.

2.2 Consulta catastral descritiva e gráfica.

2.3 Reportaxe fotográfica do local inspeccionado.

ARTIGO 59.- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA

1.- Efectuadas as actuacións de comprobación do proxecto ou da documentación achegada ou as actuacións de inspección no marco do control posterior, emitirase informe que poderá ser:

A.-Favorable: cando se comprobase a corrección cualitativa da documentación técnica presentada e a adecuación da obra a lexislación urbanística e ao planeamento vixente.

B.-Con deficiencias: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos corrixibles durante a execución da obra. Neste caso darase un prazo de 10 días á/ao titular para que realizar os axustes necesarios e presentar a documentación técnica modificada.

C.-Desfavorable: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos non corrixibles, no caso de obras ou usos prohibidos, ou xa emitido un informe con deficiencias non fosen corrixidos os incumprimentos detectados.

Neste caso, notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicaránselle que debe de absterse de executar a súa actuación, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de 10 días, con carácter previo á declaración de ineficacia. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.

ARTIGO 60- RESULTADO DO CONTROL POSTERIOR NAS COMUNICACIÓNS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE INICIO DE ACTIVIDADE

1.- Efectuadas as actuacións de comprobación do proxecto ou da documentación achegada ou as actuacións de inspección no marco do control posterior, emitirase informe que poderá ser:

A.-Favorable: cando se comprobase a corrección cualitativa da documentación técnica presentada, e, nos casos das actividades, que a actividade se axusta a esta.

B.-Con deficiencia: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos corrixibles mediante a imposición de condicións para adaptar, completar ou eliminar aspectos que non requiran da elaboración de documentación técnica, ou que requiríndoa non supoñan unha modificación substancial.

Neste caso darase un prazo de 10 días á/ao titular para reallizar os axustes necesarios e presentar a documentación técnica modificada.

A estes efectos considéranse modificacións substanciais:

- Cambios de actividade

- Alteracións da superficie ou da volumetría.

- Os incrementos do aforo teórico total establecido en función dos valores de densidade fixados polas normas de protección contra incendios, se estes afectan as condicións de seguridade dos establecementos.

- As redistribucións espaciais significativas tales como aumento de percorridos de evacuación, diminucións de altura nalgún punto do establecemento, alteracións que empeoren as condicións de accesibilidade ou eliminación de barreiras, ou cambio de uso nalgunhas dependencias que afecte as condicións de seguridade ou as condicións de illamento acústico , ou outras análogas, que afecten as condicións de desenvolvemento das actividades.

- O aumento significativo da carga de lume no establecemento ou nalgunha das súas partes, de xeito que aumente o nivel de risco do local de conformidade coa normativa de protección contra incendios.

- Calquera alteración que supoña un aumento do nivel sonoro máximo autorizado, unha diminución do illamento ou da protección contra incendios.

- Ampliacións ou modificacións das instalacións de electricidade, calefacción, refrixeración ou ventilación, salvo que se trate da substitución dun equipo por outro de igual ou menor nivel sonoro e a variación non afecte as condicións do titulo habilitante.

- Calquera outra alteración, modificación, ampliación ou substitución de elementos que poida implicar o incumprimento das esixencias establecidas no título habilitante.

C.-Desfavorable: cando fosen emitidos informes técnicos que evidencien incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada como na actividade implantada.

Neste caso, notificaráselle esta circunstancia á/ao solicitante e indicaránselle que debe de absterse de executar a súa actuación, concedéndolle trámite de audiencia por prazo de 10 días, con carácter previo á declaración de ineficacia. Todo isto sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos da reposición da legalidade urbanística.

2.- No caso das actuacións de control a instancia de parte, como consecuencia das visitas de inspección, o Concello ditará resolución en que se estableza a conformidade ou non do establecemento ou da actividade coa actuación comunicada e, de ser o caso, a incoación de procedemento de declaración de ineficacia, sen prexuízo da dedución de cantas responsabilidades resulten da tramitación do expediente

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Cando na presente ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia á norma que por promulgación posterior, substitúa a mencionada.

SEGUNDA.- Os anexos que se incorporan nesta ordenanza non teñen carácter regulamentario polo que o seu contido poderá ser ampliado ou modificado mediante resolución do órgano municipal competente para o outorgamento de licenzas, se ben a súa obrigatoriedade supedítase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na páxina web municipal.

TERCEIRA.- Facúltase ao órgano municipal competente para o outorgamento de licenzas para interpretar por medio das correspondentes instrucións os procedementos que resulten desta ordenanza, se ben a súa obrigatoriedade supedítase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na páxina web municipal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

As e os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Derrogación normativa.

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza, queda derrogada a versión da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* aprobada polo Concello-Pleno de Vigo en data 28/10/2013 e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO 1

LICENZAS DE OBRA

OB

ÍNDICE

1.1. DEFINICIÓNS DE OBRAS SUXEITAS A LICENZA URBANÍSTICA....3

1.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES DE LICENZA....7

A/SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA NOVA OB-001....7

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....7

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRA NOVA....8

B/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE REESTRUTURACIÓN/AMPLIACIÓN OB-002....10

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....10

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REESTRUCTURACIÓN/AMPLIACIÓN....11

C/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN OB-003....13

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....13

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN:....14

D/ SOLICITUDE DE LICENZA INTERVENCIÓNS MENORES EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-004....15

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....15

E/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA COMERCIAL EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-005....16

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR....16

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REFORMA COMERCIAL....17

F/ SOLICITUDE DE LICENZA DE MOVEMENTOS DE TERRA OB-006....18

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....18

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE MOVEMENTOS DE TERRA OU DESMONTE....19

G/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS OB-007....19

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....19

H/ OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN (cando a súa altura sexa igual ou superior a 1,5 m) OB-008....20

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....20

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE MUROS DE CONTENCIÓN....20

I/ SOLICITUDE DE LICENZAS DE OBRAS (VARIOS) OB-009....21

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR....21

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS.....22
1.3. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL.....25
1.4. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS:.....27

ANEXO 1

OB

LICENZAS DE OBRA

1.1. DEFINICIÓNS DE OBRAS SUXEITAS A LICENZA URBANÍSTICA

1.- Para os efectos da aplicación do contido deste anexo á *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas*, as obras de edificación e as obras en edificios, divídense nos seguintes grupos:

OBRA NOVA : Abrangue os seguintes tipos de obra:

a) Obras de nova planta: son as obras de construción dun novo edificio sobre un soar baleiro.

b) Obras de substitución: son as obras que implican a demolición dun edificio, ou das partes del que se conserven, e a construción sobre o soar baleiro dun novo edificio.

c) Obras de reconstrución: son as obras que teñen por obxecto a reposición, mediante nova construción, dun edificio preexistente total ou parcialmente desaparecido, no mesmo lugar e reproducindo as súas características tipolóxicas; utilizando como base partes orixinais deste cuxa autenticidade poida acreditarse.

A obra nova está suxeita a licenza municipal previa e axustaranse as Normas Xerais de Edificación do Plan Xeral, así como as ordenanzas particulares.

OBRAS DE AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN DA EDIFICACIÓN EXISTENTE : Abrangue os seguintes tipos de obra:

a) Obras de Ampliación: Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dunha edificación existente, ben por incremento da súa superficie ou da súa volumetría (fondo edificable, aumento do seu número de plantas, …). As obras de ampliación están suxeitas a licenza municipal previa.

b) Obras de Reestruturación: son aquelas obras encamiñadas a unha renovación, incluso dos elementos estruturais, que conleven accións de renovación ou transformación e que poden supoñer unha modificación da configuración espacial do inmoble e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.

Estarán suxeitas a licenza municipal previa as obras de ampliación, reestruturación xeral e as de reestruturación parcial ou puntual que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

OBRAS DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN: Abrangue os seguintes tipos de obra:

a) Obras de Reforma: intervencións que, podendo realizarse dentro e/ou fóra dunha edificación, implican a substitución ou transformación de materiais, elementos ou partes destes, alterando ou non a súa estrutura e volumetría. estarán suxeitas a licenza municipal previa as obras de reforma que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

b) Obras de Rehabilitación: son aquelas obras encamiñadas a mellorar e adecuar as condicións de habitabilidade, accesibilidade e uso, podendo implicar una redistribución da organización espacial, conservando maioritariamente a configuración arquitectónica e disposición estrutural orixinal, tanto interior como exterior (fachadas, accesos, núcleos de escaleira, muros de carga, disposición estrutural horizontal, patios e división en plantas).

c) Obras de Consolidación: son aquelas obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural do edificio con aportación de elementos novos con deseño ou natureza material igual ou diferente aos substituídos pero respectando integramente a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio (fachadas e cubertas).

Estarán suxeitas a licenza municipal previa as obras de reforma, rehabilitación e consolidación na edificación existente que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio, os cambios de uso a usos residenciais e todas as obras en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

Neste último caso, edificios catalogados; inclúense as obras de conservación que excedan das intervencións menores.

INTERVENCIÓNS MENORES (EDIFICIOS CATALOGADOS)

Son obras de mantenemento caracterizadas pola súa escasa entidade económica e pola súa sinxeleza técnica, dirixidas á simple reparación, decoración, ou mantemento e limpeza.

Inclúense as obras enumeradas na seguinte relación:

1. Mantemento de partes non edificables de parcelas e soares:
   1.a. Limpeza interior de parcelas e soares, sen movementos de terras
   1.b. Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.
   1.c. Tala de arbores que non forman masa arborea
2. Mantemento de fachadas dos edificios:
   2.a. Reparación e substitucións de elementos auxiliares da cuberta (canalóns, baixantes e varandas)
   2.b. Limpeza e pintado de fachadas.
   2.c. Cambio de carpintería exterior, persianas, varandas ou similares.
3. Mantemento de cubertas dos edificios:
   3.a. Substitución puntual de material de cubertas ou terrazas.
4. Mantemento e actualizacións das instalacións dos edificios:
   4.a. Substitucións de instalacións privativas de vivenda ou local (auga, gas, electricidade, desaugadoiros ou similar)
   4.b. Novas instalacións non encastadas en elementos estruturais (vigas, piares, paredes mestras, etc.), sen instalacións no exterior
   4.c. Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras, etc.)
5. Mantemento ou substitución dos acabados interiores dos edificios:
   5.a. En paredes, solos e falsos teitos.
   5.b. Reformas en cociñas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.

Están suxeitas a licenza previa as intervencións menores en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

No resto das edificacións as intervencións menores está suxeitas ao réxime de comunicación previa co procedemento descrito no anexo 2 desta ordenanza.

REFORMA COMERCIAL

OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL: son aquelas obras que adaptan un local existente ás condicións para o exercicio dunha actividade mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a redistribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas do edificio, as instalacións xerais ou estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio.

En locais situados en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, no caso de necesitar obras de acondicionamento para o desenvolvemento dunha actividade suxeita a comunicación previa deberá solicitar licenza de obras de reforma comercial. Unha vez rematada a obra comunicarase o inicio da actividade, co procedemento descrito no anexo 2 desta ordenanza, achegando o correspondente Certificado Final de Obra e estudo de illamento acústico e no caso da apertura de establecementos destinados a actividades recreativas ou espectáculos achegara declaración responsable segundo procedemento descrito no anexo 3 desta ordenanza.

No resto das edificacións as obras de acondicionamento están suxeitas a comunicación previa co procedemento descrito no anexo 2 desta ordenanza.

No caso de obras de acondicionamento dun establecemento destinado a espectáculos ou actividades recreativas suxeitas a licenza previa tramitaranse e conformidade co Anexo 3 desta ordenanza

2.- Ademais das anteriores, están sometidas a licenza previa as seguintes obras:

MOVEMENTOS DE TERRA: e obras de desmonte non incluídos en proxectos de edificación ou proxectos de urbanización.

OBRAS DE DEMOLICIÓN: son obras destinadas á derruba ou desaparición total ou parcial dunha construción existente por calquera causa. Non terá a consideración de demolición parcial a derruba dos elementos estritamente necesarios para realizar as actuacións de conservación, rehabilitación, reforma e reconstrución, sempre que se realicen simultaneamente no mesmo proxecto de obra.

CONSTRUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN: Muros de contención de terras non incluídos en licenzas de edificación , sexan ou non muros de peche, cando a súa altura sexa superior ou igual a metro e medio (1,5 m).

VARIOS Abranguen todas as obras que non teñen cabida en ningunha das anteriores definicións e non están suxeitas a comunicación previa como poden ser piscinas, corte da masas arbóreas etc. Ademais incluirá as solicitude de instalación de carteleiras, antenas de telefonía ou instalacións de sistemas de captación de enerxía, non suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable. Nestes casos a documentación a presentar ca solicitude será a establecidas nas ordenanzas especificas: Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación e Ordenanza Urbanística reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo. No caso das instalacións de sistemas de captación de enerxía deberá achegar proxecto ou memoria técnica de deseño de conformidade coa normativa sectorial.

1.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COAS SOLICITUDES DE LICENZA

A/SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA NOVA OB-001

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obra nova **OB-001**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da solicitante.

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.
4. Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. A superficie e lindeiros deberá coincidir coa parcela real e coa parcela catastral.
5. Representación gráfica xeorreferenciada, en formato GML INSPIRE ou similar, da parcela catastral, de maneira que permita identificar sobre cartografía catastral a situación, forma e superficie da parcela e permita a súa incorporación ao Catastro. Neste sentido, o GML debe ser o resultante da medición topográfica real e recente da parcela obxecto da solicitude e que serve de base para a redacción do proxecto para o que se solicita a licenza de obras
6. Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación no que se aprecien todos os seus lindeiros, subscrita polo/a solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
7. Oficio de dirección das obras.
8. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
9. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.
10. Autorizacións sectoriais previas preceptivas. No caso de parcelas afectadas polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas deberá aportar xustificante da presolicitude realizada na sede electrónica da AESA.
11. En parcelas incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.
12. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación e neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas* .
13. Xustificación do cumprimento da *Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo*.
14. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

15. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a licenza se solicita co proxecto básico e execución, ademais da documentación anterior deberá presentar:

16. Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado polo/a técnico/a competente de acordo co R.d.l. 1/1998 (no caso de edificios con división horizontal) e proxecto técnico que prevexa a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital redactado polo/a técnico/a competente de acordo co Decreto 127/2016 nas edificacións de uso residencial.

17. Estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado polo/a técnico/a competente

18. Proxecto técnico redactado por técnico competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria.

19. Oficio da dirección da execución da obra .

20. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008.

Se a edificación, da cal solicitase licenza de obra, ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, ademais deberá achegar:

21. Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*

22. Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

23. A autorización ou declaración ambiental que proceda.

24. As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

Se se trata dunha actividade recreativa ou un espectáculo público suxeita a declaración responsable:

25. Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel

26. Documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRA NOVA

1. Os proxectos de edificación axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", capítulo 2, parte I do Código técnico da edificación.
2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral, as condicións de vivenda exterior e do cálculo de superficies edificables. Se é o caso, incluirá as condicións e xustificacións de alturas e recuados segundo a ordenanza, con expresión, de proceder, das solucións adoptadas para o tapado de medianeiras ou resolución dos problemas que se deriven destas. Ademais, se procede, xustificará as condicións mínimas de habitabilidade reguladas na normativa autonómica vixente.

No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

Ademais de conformidade co artigo 353 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* a memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no *artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe* de dito *regulamento*.

2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.

3. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexa fixado polos técnicos municipais.

4. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutándose as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros, acoutándose o ancho das vías de acceso; indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.

5. Plano topográfico á mesma escala que o de localización, con curvas de nivel con equidistancias dun metro, no que se indique a edificación e arboredo existente.

6. Secciones da parcela coa edificación proxectada, á mesma escala que o de localización, con indicación do estado actual do terreo e do terreo modificado. A cota de referencia deberá figurar nos planos dos alzados coa xustificación do cumprimento da altura máxima.

7. Nos casos de urbanización e edificación simultánea: planos e memoria con indicación da urbanización dos terreos de cesión e reposición de servizos seguindo as indicacións do acta de liña e rasante. A memoria incluirá o presuposto das obras de urbanización. No caso de que sexa necesario un proxecto de obras complementarias de urbanización presentarase para a súa tramitación simultánea co proxecto de edificación.

8. Se as obras para as cales se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectadas polo desmonte ou terraplén.

9. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

10. No caso de edificacións de uso industrial achegarase proxecto técnico xustificativo ao abeiro do *Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais*, ou lexislación que o substitúa.

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións*, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións . O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza. Os valores de illamento deberán ser alomenos os indicados no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica da Galicia.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios, sectorización e recorridos de evacuación. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación.

4. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto 2 e, nos casos de edificacións para o desenvolvemento dunha actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, a do punto 3. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 37 da ordenanza, xunto coa documentación enumerada do 14 ao 18 do apartado documentación presentar.

5. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por persoal técnico competente, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público, respondendo o seu autor ou autora da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

B/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE REESTRUTURACIÓN/AMPLIACIÓN OB-002

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obra de reestruturación/ampliación **OB-002**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da solicitante:

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. A superficie e lindeiros deberá coincidir coa parcela real e coa parcela catastral.
5. Representación gráfica xeorreferenciada, en formato GML INSPIRE ou similar, da parcela catastral, de maneira que permita identificar sobre cartografía catastral a situación, forma e superficie da parcela e permita a súa incorporación ao Catastro. Neste sentido, o GML debe ser o resultante da medición topográfica real e recente da parcela obxecto da solicitude e que serve de base para a redacción do proxecto para o que se solicita a licenza de obras
6. Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación no que se aprecien todos os seus lindeiros, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de obras de ampliacións ou obras de reestruturación xeral en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
7. Oficio de dirección das obras.
8. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
9. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.
10. Autorizacións sectoriais previas preceptivas. No caso de parcelas afectadas polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas deberá aportar xustificante da presolicitude realizada na sede electrónica da AESA.
11. En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.

12. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*.

13. Xustificación do cumprimento da *Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo*. (solo obras de reestruturación xeral)

14. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

15. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a licenza se solicitase co proxecto básico e execución, ademais da documentación anterior deberá presentar:

16. Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado polo técnico competente de acordo co R.d.l. 1/1998 (no caso de edificios con división horizontal) e proxecto técnico que prevexa a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital redactado polo/a técnico/a competente de acordo co Decreto 127/2016, nas novas vivendas. (solo obras de reestruturación xeral)

17. Estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado pola ou polo técnico competente.

18. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria. (Só para obras de reestruturación xeral).

19. Oficio da dirección da execución da obra .

20. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008

Se a edificación, da cal solicitase licenza de obra, ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, ademais deberá achegar:

21. Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*

20. Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

21. A autorización ou declaración ambiental que proceda.

22. As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

Se se trata dunha actividade recreativa ou un espectáculo público suxeita a declaración responsable:

27. Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel

28. Documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REESTRUCTURACIÓN/AMPLIACIÓN

1. Os proxectos axustaranse ás determinacións do artigo 6, Condicións do proxecto, Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral, as condicións de vivenda exterior, os do cálculo de superficies edificables e axuste ao dereito edificatorio. Se é o caso, incluirá as condicións e xustificacións de alturas e recuados segundo a ordenanza, con expresión, de proceder, das solucións adoptadas para o tapado de medianeiras ou resolución dos problemas que se deriven destas. Ademais, se procede, xustificará as condicións mínimas de habitabilidade reguladas na normativa autonómica vixente.

   No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas

   Ademais de conformidade co artigo 353 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* a memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no *artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe* de dito *regulamento*

2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.

3. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexa fixado polos técnicos municipais. (excepto nas zonas consolidadas de edificación pechada).

4. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutándose as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros, acoutándose o ancho das vías de acceso; indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.

5. Plano topográfico á mesma escala que o de localización con curvas de nivel con equidistancias dun metro, no que se indique a edificación e arboredo existente.

6. Planos de todas as plantas, alzados e seccións do estado actual da edificación antes das obras de ampliación ou reestruturación proxectadas-

7. No caso de obras de ampliación: Secciones da parcela coa edificación proxectada, á mesma escala que o de localización, con indicación do estado actual do terreo e do terreo modificado. A cota de referencia deberá figurar nos planos dos alzados coa xustificación do cumprimento da altura máxima.

8. Nos casos de urbanización e edificación simultánea: planos e memoria con indicación da urbanización dos terreos de cesión e reposición de servizos seguindo as indicacións do acta de liña e rasante. A memoria incluirá o presuposto das obras de urbanización. No caso de que sexa necesario un proxecto de obras complementarias de urbanización presentarase para a súa tramitación simultánea co proxecto de edificación.

9. Se as obras para as cales se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectadas polo desmonte ou terraplén.

10. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

11. No caso de edificacións de uso industrial achegarase proxecto técnico xustificativo ao abeiro do *Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais,* ou lexislación que o substitúa.

12. No caso de edificacións catalogadas o proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia.

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións*, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións. O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza. Os valores de illamento deberán ser alomenos os indicados no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica da Galicia.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios, sectorización e recorridos de evacuación. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación.

4. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto 2 e, nos casos de edificacións para o desenvolvemento dunha actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, a do punto 3. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 37 da ordenanza, xunto coa documentación enumerada do 14 ao 18 no apartado "documentación a presentar ".

5. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por persoal técnico competente, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público; responderá o seu autor ou autora da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

C/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN OB-003

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obra reforma/consolidación **OB-003**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa condicións suxeitas a inscrición rexistral. A superficie e lindeiros deberá coincidir coa parcela real e coa parcela catastral.

5. No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación renuncia da ou do propietario do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.[1]

1*De conformidade co artigo 205 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación. Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio. Este réxime será de aplicación no caso dos edificios, construcións e

6. Reportaxe fotográfica da edificación, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
7. Oficio de dirección das obras.
8. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
9. Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
10. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación e neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*.
11. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
12. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a licenza se solicita co proxecto básico e execución, ademais da documentación anterior deberá presentar:

13. Estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado pola ou polo técnico competente
14. Oficio da dirección da execución da obra .
15. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REFORMA, REHABILITACIÓN E CONSOLIDACIÓN:

1. Os proxectos técnicos axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

   Nos casos de edificacións en situación de fóra de ordenación ou desconformidade cos ordenanzas de aplicación a memoria deberá indicar a causa que motiva a dita cualificación e xustificar que as obras solicitadas se inclúen entre as permitidas segundo o artigo 205 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* e o réxime transitorio do Plan Xeral.

   No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.
3. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutándose as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros, acoutándose o ancho das vías de acceso; indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.
4. Planos de plantas, alzados e seccións do estado actual da edificación antes das obras de reforma ou consolidación.

instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos.

5. No caso de edificacións de uso industrial achegarase proxecto técnico xustificativo ao abeiro do *Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais*, ou lexislación que o substitúa, se procede.

6. No caso de edificacións catalogadas o proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

2. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto anterior. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 37 da ordenanza, xunto coa documentación enumerada do 12 ao 14 do apartado documentación presentar

3. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por técnico ou técnicos competentes, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público; a ou o seu autor responderá da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

D/ SOLICITUDE DE LICENZA INTERVENCIÓNS MENORES EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-004

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obra de intervención menor en edificacións catalogadas **OB-004**

2. Datos de identificación da solicitante:

   2.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   2.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

3. Planos de situación e localización da edificación ou parcela no que se vai realizar a obra, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente.

4. Presuposto detallado da obra ou actuación a realizar: o presuposto deberá estar asinado polo contratista , executor da obra ou técnico competente. No caso de que a obra a realice o propio interesado deberá indicalo e presentar xustificante do custo dos materiais

5. Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, se son obras interiores, subscrita pola persoa solicitante.

6. Nos casos de obras en fachadas que necesiten andamios: certificado de técnico/a competente no que se indique que a colocación dos andamios se fai baixo a súa dirección e que reunirán as debidas condicións de seguridade unha vez instaladas.

7. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

8. No caso de edificacións situadas en ámbitos de plans especiais de protección (PEEC, CASCO VELLO, BOUZAS), Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas, que deberá conter a seguinte documentación:

   No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello: Xustificarase o cumprimento do art. 3.6 da Normativa Urbanística do PEPRI do Casco Vello de Vigo no que se indican as condicións estéticas das edificacións (aprobación definitiva 12.04.07-DOG 6.06.07).

   No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas: Xustificarase o cumprimento do capítulo VII: Regulación das condicións estéticas (art. 50 e ss.) da Normativa Urbanística do PEPRI de Bouzas (aprobación definitiva 30.09.02-BOP 11.11.02).

No caso de actuacións no ámbito do Plan Especial de Edificios a Conservar: Indicaranse os acabados (materiais, cor e texturas) que se axustarán ó regulado no artigo 8.2 Normas estéticas e de composición das normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC (aprobación definitiva 25.10.90-BOP 17.01.91).

9. Presentaranse fotografías da fachada e o entorno da edificación, e se se actúa sobre as fachadas incluirase un plano de alzado co estado actual e reformado. Xustificarase a integración dos materiais propostos na fachada existente.

10. No caso de edificacións catalogadas a documentación deberá completarse coa necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

11. Nos casos de presentar documentación técnica: declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

12. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

E/ SOLICITUDE DE LICENZA DE REFORMA COMERCIAL EN EDIFICACIÓNS CATALOGADAS OB-005

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obras de obras de reforma comercial **OB-005**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos identificativos do solicitante:

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

5. Proxecto técnico das obras de adaptación que se van a realizar, redactado por técnico/a competente co contido mínimo establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas.* O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade precisas para o uso pretendido.

6. Proxecto técnico da actividade e das instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido mínimo establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas* .

7. Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto

8. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

9. Oficio de dirección das obras.

10. Reportaxe fotográfica do do local, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, subscrita pola persoa solicitante e pola ou polo técnico redactor do proxecto.

11. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

12. O proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

13. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a actividade está suxeita ao procedemento previo de incidencia ambiental

14. Declaración de incidencia ambiental

15. Copia do proxecto do obra ou actividade asinada por técnico/a competente

16. Certificado do técnico/a ou dos técnicos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Se a actividade a desenvolver no establecemento é un espectáculo público ou unha actividade recreativa

17. A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.

18. O documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REFORMA COMERCIAL

1. Os proxectos de reforma de local para o desenvolvemento dunha actividade axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do *Código técnico da edificación.*

2. Ademais da documentación recollida no anexo I da parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. Incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral.

2. No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

3. Xustificación do cumprimento das Esixencias básicas do *Código Técnico da Edificación (CTE)*. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido.

4. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da edificación na que se pretenden as obras e plano de localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima e 1:500.

5. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

6. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación, recorridos de evacuación e sectorización

7. Estudo de xestión de residuos procedentes da demolición e Estudio de Seguridade e Saúde (ou estudio básico).

8. O proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións . O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza. Os valores de illamento deberán ser alomenos os indicados no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica da Galicia.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios, sectorización e recorridos de evacuación. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación.

F/ SOLICITUDE DE LICENZA DE MOVEMENTOS DE TERRA OB-006

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de movemento de terra **OB-006**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos de identificación da solicitante:

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Reportaxe fotográfica da parcela, subscrita polo/a solicitante e pola ou polo técnico redactor do proxecto.

5. Oficio de dirección das obras e da dirección de execución das obras.

6. Autorizacións sectoriais previas preceptivas

7. Proxecto técnico completo redactado por técnico/a competente co contido mínimo establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*, estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997.

8. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

9. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE MOVEMENTOS DE TERRA OU DESMONTE

1. Os proxectos técnicos deberán conter a documentación necesaria para definir con detalle as obras para realizar e como mínimo a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística: incluirá a xustificación da viabilidade urbanística dos movementos de terra segundo as condicións esixidas pola da normativa do plan xeral.
2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.
3. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexa fixado polos técnicos municipais. (excepto en zonas consolidadas de edificación pechada).
4. Plano topográfico da parcela ou parcelas a que se refire a solicitude, a escala non menor de 1:500, no que se indiquen as cotas de altimetría, e, ademais, a edificación e arboredo existentes, a posición, en planta e altura das construcións dos predios veciñas que poidan ser afectados por desmonte ou terraplén.
5. Plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os planos de detalle precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectados polo desmonte ou terraplén.
6. Memoria técnica complementaria referida á documentación prevista nos apartados anteriores explicativa das características, programa e coordinación dos traballos para efectuar.
7. Presuposto detallado das obras.
8. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008
9. Estudo de Seguridade e Saúde segundo o R.d. 1627/1997 redactado por técnico/a competente.

2. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por técnico ou técnicos competentes, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público; a ou o seu autor responderá da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

G/ SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS OB-007

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obras de demolición **OB-007**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante:

3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Proxecto técnico completo, redactado por técnico/a competente e visado polo correspondente colexio profesional, que incluirá estudo de seguridade e saúde e estudo de xestión de residuos procedentes da demolición.
5. Oficio de dirección das obras.
6. Reportaxe fotográfica da edificación para derrubar subscrita pola ou polo solicitante e por técnico/a redactor/a do proxecto.
7. No seu caso, copia da resolución de declaración de ruína.
8. Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
9. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
10. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

H/ OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN (cando a súa altura sexa igual ou superior a 1,5 m) OB-008

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obras de construción de muro de contención OB-008
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da solicitante:

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Reportaxe fotográfica do soar na zona na que se pretende o muro, subscrita polo/a solicitante e pola ou polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, achegarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
5. Oficio de dirección das obras.
6. Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
7. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido mínimo establecido neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*, incluído estudo de seguridade e saúde.
8. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: Declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
9. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE MUROS DE CONTENCIÓN

1. O proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria, tanto descritiva como construtiva na que se defina o muro solicitado. Incluirá os anexos que sexan necesarios para a definición e xustificación das obras

2. Memoria urbanística: incluirá a xustificación da viabilidade urbanística do muro proxectado segundo as condicións esixidas polos diversos títulos da normativa do plan xeral.

3. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela que se pretenden as obras.

4. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexa fixado polos técnicos municipais. (excepto en zonas consolidadas de edificación pechada).

5. Plano topográfico da parcela ou parcelas a que se refire a solicitude, a escala non menor de 1:500, no que se indique a posición e lonxitude do muro, as cotas de altimetría, e, ademais, a edificación e arboredo existentes e a altimetría e as posicións en planta e altura das construcións dos predios veciños que poidan ser afectados polas obras.

6. Planos de planta, alzado e sección coa descrición gráfica e dimensional que definan en detalle as obras .

7. No caso que o proxecto inclúa movementos de terra: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectadas polo desmonte ou terraplén e Memoria técnica complementaria referida á documentación prevista nos apartados anteriores explicativa das características, programa e coordinación dos traballos para efectuar.

8. Presuposto detallado das obras.

9. Estudo de seguridade e saúde segundo o R.d. 1627/1997 redactado pola ou polo técnico competente.

I/ SOLICITUDE DE LICENZAS DE OBRAS (VARIOS) OB-009

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obras (varios) **OB-009**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos de identificación da solicitante:

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado .

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.

5. Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación, subscrita pola ou polo solicitante e polo/a técnico/a redactor/a do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.

6. Oficio de dirección das obras.

7. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento, se procede

8. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes.

9. Autorizacións sectoriais previas preceptivas. No caso de parcelas afectadas polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas deberá aportar xustificante da presolicitude realizada na sede electrónica da AESA.

10. En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.

11. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación e neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas*). No caso de instalacións de captación de enerxía memoria técnica de deseño po proxecto técnico de conformidade coa lexislación sectorial

12. Se é o caso, xustificación do cumprimento da *Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo.*

13. Se as obras para as cales se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectados polo desmonte ou terraplén.

14. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

15. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a licenza se solicita co proxecto básico e execución, ademais da documentación anterior deberá presentar:

16. Estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado por técnico/a competente

17. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria.

18. Oficio da dirección da execución da obra .

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS

1. O proxecto técnico deberá conter o documentos que definen as actuacións para realizar, co contido e detalle que permita coñecer o seu obxecto e determinar se se axusta á normativa urbanística aplicable. Cando se trate de proxectos de edificación, estes axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. Incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral.

No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

Ademais de conformidade co artigo 353 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* a memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no *artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe* de dito *regulamento*.

2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.

3. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexa fixado polos técnicos municipais. (excepto en zonas consolidadas de edificación pechada).

4. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutaranse as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros e o ancho das vías de acceso: Indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.

5. Plano topográfico á mesma escala que o de localización con curvas de nivel con equidistancias dun metro, no que se indique a edificación e arboredo existente.

6. Secciones da parcela coa edificación proxectada, á mesma escala que o de localización, con indicación do estado actual do terreo e do terreo modificado. A cota de referencia deberá figurar nos planos dos alzados coa xustificación do cumprimento da altura máxima.

7. Nos casos de urbanización e edificación simultánea: planos e memoria con indicación da urbanización dos terreos de cesión e reposición de servizos seguindo as indicacións da acta de liña e rasante. No caso de que sexa necesario un proxecto de obras complementarias de urbanización presentarase para a súa tramitación simultánea co proxecto de edificación.

8. Se as obras para as cales se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectados polo desmonte ou terraplén.

9. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, se procede.

3. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto 2. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 37 da ordenanza, xunto coa documentación enumerada do 15 a 17 do apartado documentación a presentar.

1.3. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

1. Os proxectos técnicos en formato dixital deberán achegarse en formato PDF asinados polo seu autor ou ben visados polo correspondente colexio profesional.

2. Os proxectos poderán achegarse a través da "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS " da sede electrónica do Concello de Vigo. A citada plataforma permite incorporar os distintos arquivos PDF e a firma electrónica destes.

3. Os arquivos dixitais que compoñen o proxecto técnico deberán responder a seguinte estrutura:

- MEMORIA: cada capitulo da memoria deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PLANOS: Cada plano deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PRESUPOSTO: incluirase un arquivo PDF cun resumo do presuposto por capítulos.
- OUTROS DOCUMENTOS: cada documento será un arquivo PDF.

4. O tamaño máximo de cada arquivo será de 6MB

5. O nome doa arquivos estarán compostos unicamente por letras e números e non poderán incluír caracteres especiais nin acentuados.

1.4. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS:

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

OB-001

Impreso de Solicitude
LICENZA DE OBRA NOVA

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº Localidade e CP .....

Teléfono: ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Actividade á que vai destinarse a edificación: .....
Superficie construída total:.....m2

Presuposto:.....

Acta de liña e rasante. Núm expediente:.....

Algunha consulta urbanística anterior Núm expediente:.....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVES DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE VIGO.
CÓDIGO Núm.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXETO DESTA SOLICITUDE.

VISADO Núm.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

Obras de nova planta: son as obras de construción dun novo edificio sobre un soar baleiro.
Obras de substitución: son as obras que implican a demolición dun edificio, ou das partes del que se conserven, e a construción sobre o soar baleiro dun novo edificio.
Obras de reconstrución: son as obras que teñen por obxecto a reposición, mediante nova construción, dun edificio preexistente total ou parcialmente desaparecido, no mesmo lugar e reproducindo as súas características tipolóxicas; utilizando como base partes orixinais deste cuxa autenticidade poida acreditarse.

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co disposto no artigo 11.4 do *Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro,polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,* os actos que autoricen obras de edificación **serán expresos, con silencio administrativo negativo**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1b.- Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.

1c.- Representación gráfica xeorreferenciada, en formato GML INSPIRE ou similar, da parcela catastral, de maneira que permita identificar sobre cartografía catastral a situación, forma e superficie da parcela e permita a súa incorporación ao Catastro. Neste sentido, o GML debe ser o resultante da medición topográfica real e recente da parcela obxecto da solicitude e que serve de base para a redacción do proxecto para o que se solicita a licenza de obras

1d.- Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación, subscrita pola persoa solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.

1e.- Oficio de dirección das obras.

1f.- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

1g.-Autorizacións sectoriais previas preceptivas. No caso de parcelas afectadas polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas deberá aportar xustificante da presolicitude realizada na sede electrónica da AESA.

1h.- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

1i.- En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC .

1j.-De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia

2. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO

2a.- Proxecto técnico redactado por técnico competente co contido establecido no *Anexo I da Parte I do Código Técnico da Edificación* e no *anexo I da Ordenanza de tramitación de licenzas*.

2b.- Xustificación do cumprimento da *ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo*.

3. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN (ademais da documentación anterior)

3a.- Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado polo técnico competente de acordo co *RD.lei 1/1998* (no caso de edificios con división horizontal) e proxecto técnico que prevexa a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital redactado polo/a técnico/a competente de acordo co Decreto 127/2016 nas edificacións de uso residencial.

3b.- Estudo de seguridade e saúde segundo *R.d. 1627/1997* redactado polo técnico competente.

3c.- Proxecto técnico redactado por técnico competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria.

3d.- Oficio da dirección da execución da obra .

3e.- Estudio de xestión de residuos segundo *R.d. 105/2008*

4. SE A EDIFICACIÓN TEN POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

4a.-Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido no anexo I da *Ordenanza de tramitación de licenzas*

4b.-Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

4c.-A autorización ou declaración ambiental que proceda e as autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

4e.- Se se trata dunha actividade recreativa ou un espectáculo público suxeita a declaración responsable: Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel e documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

5. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

OB-002

Impreso de Solicitude
LICENZA DE OBRAS AMPLIACIÓN REESTRUTURACIÓN

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……..

Nome e apelidos Representante …… NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: ……..... Núm …… Localidade e CP ……...

Telefono ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non Aviso ao teléfono móbil: Aviso ao correo electrónico:

2. Localización da parcela:

Localización ..... Núm ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Actividade á que vai destinarse a edificación:
Superficie ampliación: .....m2 Superficie rehabilitación:.....m2
Superficie construída total:.....m2
Presuposto:.....

Acta de liña e rasante. Núm expediente: .....
Algunha consulta urbanística anterior Núm expediente: .....
Outros expedientes relacionados (PLU, orde de execución): .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. CÓDIGO Núm.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE.
VISADO Núm.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas a licenza solicitada

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

Obras de Ampliación: Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dunha edificación existente, ben por incremento da súa superficie ou da súa volumetría
Obras de Reestruturación: son aquelas obras encamiñadas a unha renovación, incluso dos elementos estruturais, que conleven accións de renovación ou transformación e que poden supoñer unha modificación da configuración espacial do inmoble e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co disposto no artigo 11.4 do *Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro,polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,* os actos que autoricen obras de edificación **serán expresos, con silencio administrativo negativo**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1b.- Escritura pública de propiedade do terreo. Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.

1c.- Representación gráfica xeorreferenciada, en formato GML INSPIRE ou similar, da parcela catastral, de maneira que permita identificar sobre cartografía catastral a situación, forma e superficie da parcela e permita a súa incorporación ao Catastro. Neste sentido, o GML debe ser o resultante da medición topográfica real e recente da parcela obxecto da solicitude e que serve de base para a redacción do proxecto para o que se solicita a licenza de obras

1d.- Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación, subscrita pola persoa solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.

1e.- Oficio de dirección das obras.

1e.- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

1f.-

1g.- Autorizacións sectoriais previas preceptivas. No caso de parcelas afectadas polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas deberá aportar xustificante da presolicitude realizada na sede electrónica da AESA.

1h.- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

1i.- En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.

1j.-De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia

2. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO

2a.- Proxecto técnico redactado por técnico competente co contido establecido no *Anexo I da Parte I do Código Técnico da Edificación* e no *anexo I da Ordenanza de tramitación de licenzas*.

2b.- Xustificación do cumprimento da *ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo*.(solo obras de reestruturación xeral)

3. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN (ademais da documentación anterior)

3a.- Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado polo técnico competente de acordo co *RD.lei 1/1998* (no caso de edificios con división horizontal) e proxecto técnico que prevexa a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital redactado polo/a técnico/a competente de acordo co Decreto 127/2016 nas edifciación de uso residencial. (solo obras de reestruturación xeral)

3b.- Estudo de seguridade e saúde segundo *R.d. 1627/1997* redactado polo técnico competente.

3c.- Proxecto técnico redactado por técnico competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria. (solo obras de reestruturación xeral)

3d.- Oficio da dirección da execución da obra .

3e.- Estudio de xestión de residuos segundo *R.d. 105/2008*

4. SE A EDIFICACIÓN TEN POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

4a.-Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido no anexo I da *Ordenanza de tramitación de licenzas*

4b.-Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico subscrita polo técnico autor do proxecto.

4c.-A autorización ou declaración ambiental que proceda e as autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

4e.- Se se trata dunha actividade recreativa ou un espectáculo público suxeita a declaración responsable: Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel e documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

5. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa corresponden

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

OB-003

Impreso de Solicitude
LICENZA DE OBRAS DE REFORMA/CONSOLIDACIÓN

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº ..... Localidade e CP .....

Teléfono: ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso ao teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: ..... .

2. Emprazamento da parcela:

Localización ..... Num ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Superficie reforma: m2

Superficie construída total:.....m2

Presuposto:.....

Acta de liña e rasante. Nº expediente: .....

Algunha consulta urbanística anterior Nº expediente: .....

Outros expedientes relacionados (PLU, orde de execución): .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. CÓDIGO num.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE. VISADO num.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas a licenza solicitada.

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

OBRAS DE REFORMA E CONSOLIDACIÓN en **edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados** polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos
Obras de reforma ou consolidación que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio. Inclúense os cambios de uso a usos residenciais.

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co disposto no artigo 39.1 da *Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia* as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados con nivel de protección integral, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establece na dita lei. Segundo artigo 144.4 da *Lei 2/2016 do solo de Galicia* non é posible conceder licenza sen o previo outorgamento das autorizacións sectoriais.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1b.- Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa condicións suxeitas a inscrición no rexistro .

1c.- No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación renuncia do propietario do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.

1d.- Reportaxe fotográfica da edificación subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.

1e.- Oficio de dirección das obras.

1f .- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

1g.- Autorizacións sectoriais previas preceptivas.

1h.- En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

1i.-De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia

2. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO

2a.- Proxecto técnico redactado por técnico competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código Técnico da Edificación e no anexo I da Ordenanza de tramitación de licenzas.

3. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN (ademais da documentación anterior)

3a.-Estudio de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado polo técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

3b.- Oficio da dirección da execución da obra, no seu caso .

3c.- Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008

4. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente.

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**OB 004** Impreso de Solicitude **LICENZA OBRAS INTERVENCIÓNS MENORES** **(Edificios catalogados)**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº Localidade e CP .....

Teléfono: ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

Inclúense as obras que se enumeran na seguinte relación:

1. **OBRAS PUNTUAIS DE CONSOLIDACIÓN**: son aquelas obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen substitución puntual ou parcial dalgún elemento estrutural do edificio con aportación de elementos novos con deseño ou natureza material igual ou diferente aos substituídos pero respectando integramente a organización espacial e a tipoloxía estrutural.

2. **OBRAS DE REFORMA SEN ALTERAR A VOLUMETRÍA**: intervencións que, podendo realizarse dentro e/ou fóra dunha edificación, implican a substitución ou transformación de materiais, elementos ou partes destes, alterando ou non a súa estruturan, sen alterar a volumetría.

   Aquelas obras produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio, e os cambios de uso a residencial, estarán suxeitas a licenza previa.

3. **OBRAS DE REFORMA DE VIVENDAS EXISTENTES:** son obras de redistribución do espazo interior dunha vivenda existente, sen intervir sobre as características morfolóxicas do edificio, as instalacións xerais ou estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio.

   As obras de reforma de outros **usos distintos ao residencial** tramítanse co impreso normalizado **CP-002** .

   As obras de reforma ou consolidación que excedan o alcance da consolidación ou reforma puntual e produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio, e os cambios de uso a residencial, estarán suxeitas a licenza previa.

   No caso de que sexa necesario tramitar unha excepción ao cumprimento das condicións da habitabilidade reguladas no *Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade das vivendas de Galicia* deberá obter a autorización da excepcionalidade previamente a presentación da comunicación previa de obras. No caso de presentarse simultaneamente a solicitude de excepcionalidade e a comunicación previa de obras, o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 146 da *Lei 2/2016 do solo de Galicia* computarase a partires da notificación da autorización da excepcionalidade.

4. **RESTAURACIÓN DE FACHADAS, MEDIANEIRAS, PATIOS, OU TERRAZAS E REPOSICIÓN DE CUBERTAS:** Son obras que afectan, de forma puntual ou limitada, ás fachadas ou medianeiras ou cubertas dos edificios, sen producir unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, Abrangue a modificación ou tratamentos dos materiais, a substitución dos elementos de peche ou os seus materiais. Non se inclúe as obras de limpeza ou pintado que están suxeitas a comunicación previa de obra menor.

A comunicación previa deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles.

En edificios catalogados todas as obras están suxeitas a licenza de obra previa

INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS EN LOCAIS COMERCIAIS (RÓTULOS, TOLDOS OU BANDEIROLAS) SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA

Carteis ou rótulos que sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou o exercicio de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos a que os locais se dediquen e non teñan finalidade estritamente publicitaria. Non se inclúen outros soportes publicitarios. A instalación de rótulos en edificacións catalogadas están suxeitas a licenza previa.

CONSTRUCIÓN DE PECHES E VALADOS DE PARCELAS E SOARES SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Peches de parcelas, excepto muros de contención de terras provisionais e definitivos cando a altura sexa igual ou superior a 1,5 m) . Os muros de contención de altura igual o superior a 1,5 m están suxeitos a licenza previa.

INSTALACIÓN DE SOPORTES PUBLICITARIOS

Instalacións publicitarias perceptibles desde a vía pública reguladas na Ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo.

INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE XERACIÓN DE ENERXÍA EN EDIFICACIÓNS EXISTENTES PARA INSTALACIÓNS DE AUTOCONSUMO

Instalación de sistemas de captación ou xeración de enerxía como paneis fotovoltaicos, térmicos ou xeradores eólicos para instalacións de autoconsumo en edificación existente, que non necesiten a realización de obras suxeitas a comunicación previa ou licenza, como instalación de estruturas, postes etc.

Nos edificios catalogados deberá solicitar licenza previa.

CAMBIOS DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE OBRA

Os cambios de titularidade de licenzas de obra en vigor comunicaráselle ao concello, con indicación da referencia á licenza que se quere transmitir. Non se consideran en vigor as licenzas de obras que teñan declaración expresa de caducidade.

INICIO DUNHA OBRA AUTORIZADA COA CORRESPONDENTE LICENZA

O inicio das obras de nova edificación, ampliación ou reestruturación xeral autorizadas mediante a correspondente licenza urbanística, esixe a presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo da comunicación previa de inicio das obras achegando ademais o correspondente Proxecto de execución, no caso de que non se tivese presentado previamente, e a documentación complementaria que proceda.

Ademais a persoa interesada deberá achegar documento asinado pola ou polo técnico redactor do proxecto de execución, onde sinale que o proxecto técnico de execución se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

No caso de proxectos de execución que modifiquen o proxecto básico autorizado, o interesado deberá solicitar previamente a oportuna licenza, coa documentación esixida e non poderá iniciar a obra en tanto non obteña nova licenza. Considerase que se altera significativamente o proxecto cando se produzan cambios de uso, cando se vexan afectadas as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela; a edificabilidade; alturas; recuados e separación a lindeiro; número de vivendas; condicións de seguridade e outras similares.

INSTALACIÓN DE GRÚAS/GUINDASTRES:

Instalación de grúas-torre para a execución de obras con licenza ou comunicación previa e co proxecto de execución presentado.

A persoa interesada poderá poñer en servizo a instalación, unha vez finalizadas as obras, o cal acreditará co correspondente certificado emitido pola ou polo facultativo director da instalación, no que se acredite, ademais da data da súa terminación, que esta se realizou de acordo co proxecto aprobado ou as súas modificacións posteriores autorizadas e que está en condicións de ser utilizada. Acreditarase o perfecto estado da instalación, seguridade e funcionamento do guindastre nos termos do modelo establecido para guindastre torre desmontables para obras ou outras aplicacións do anexo V da ICT MIE-AEM-3 aprobada por RD 836/2003,

de 27 de xuño, ou norma que o substitúa. O dito certificado, xunto cunha copia da solicitude, estará na obra a disposición dos servizos de inspección municipal. Nos impresos normalizados inclúese unha declaración responsable que deberá asinar o interesado.

2.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADES. CP-001

1. Impreso normalizado de comunicación previa de inicio de actividade **CP-001**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

Se no local realizáronse **obras de adaptación previas** ao desenvolvemento da actividade (con licenza ou comunicación previa)

1. Certificación de fin de obra das obras e das instalacións, asinada pola persoa directora das obras.
2. Se o titular de actividade é distinto o solicitante da obra: documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.).
3. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia,* que *deberá completarse co disposto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
4. N*on será* obrigatorio no caso de que a persoa titular da actividade faga constar expresamente que actividade producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, excepto nas actividades nocturnas e as diúrnas dos grupos 1 e 2 da táboa 4 do Manual de Procedemento adxunto á *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións* que, en calquera caso, deberán achegar o certificado establecido no artigo 15 da dita ordenanza.

Se **non son precisas obras de acondicionamento**

1. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)
2. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, asinado por técnico/a competente. Deberá utilizar a cartografía oficial.
3. Memoria da actividade, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, asinada por técnico competente.
4. Incluirá a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.
5. Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, con indicación do uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc. e instalacións de protección contra incendios, asinado por técnico/a competente.
6. Declaración emitida por facultativo/a competente acreditativa de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais.

7. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

8. Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local.

9. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

10. No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación renuncia da persoa propietaria do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.

11. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia,* que *deberá completarse co disposto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*

    Non será obrigatorio no caso que a persoa titular da actividade faga constar expresamente que actividade producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, excepto nas actividades nocturnas e as diúrnas dos grupos 1 e 2 da táboa 4 do Manual de Procedemento adxunto á Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, en calquera caso, deberán achegar o certificado establecido no artigo 15 da dita ordenanza.

12. De ser o caso, certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a actividade está suxeita ao **procedemento previo de incidencia ambiental**

13. Declaración de incidencia ambiental

14. Copia do proxecto do obra ou actividade asinada por técnico/a competente

15. Certificado do técnico/a ou dos técnicos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

B/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA UNHA ACTIVIDADE CP-002

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras de adaptación **CP-002**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

3. Datos de identificación da solicitante

    3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

    3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

5. Proxecto técnico das obras de adaptación que se van a realizar, asinado por persoa técnica competente, incluíndo planos de situación e deslinde, plantas alzados e seccións do local, xustificación do cumprimento das Esixencias Básicas do Código Técnico da Edificación. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade precisas para o uso pretendido.

6. Proxecto técnico da actividade e das instalacións (ou memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente.

7. Declaración da persoas técnicas que subscriben os proxectos de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación

8. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

9. Oficio de dirección das obras.

10. Reportaxe fotográfica do local, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local.

11. Declaración responsable (ou certificado colexial) da persoa autora do proxecto e do responsable da dirección das obras no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitada ou incursa en causa de incompatibilidade.

12. No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación, renuncia da ou do propietario do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.

13. No caso de edificacións situadas nos ámbitos de plans especiais de protección, Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas.

14. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

15. De ser o caso, certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a actividade está suxeita ao **procedemento previo de incidencia ambiental**

1. Declaración de incidencia ambiental

2. Copia do proxecto do obra ou actividade asinada por técnico/a competente

3. Certificado do técnico/a ou dos técnicos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Se a actividade a desenvolver é **unha actividade recreativa ou un espectáculo público**

1. Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.

2. Documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E ACTIVIDADE

1. Os proxectos de reforma de local para o desenvolvemento dunha actividade axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do *Código técnico da edificación.*

2. Ademais da documentación recollida no anexo I da parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística: incluirá a xustificación das condicións esixidas polos diversos títulos da normativa do Plan xeral.

2. Nas zonas incluídas en ámbitos de plans especiais de protección: memoria e planos xustificativos do cumprimento da normativa estética nas fachadas.

3. Xustificación do cumprimento das Esixencias básicas do *Código Técnico da Edificación (CTE)*. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido.

4. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinale a situación da edificación na que se pretenden as obras e plano de localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima e 1:500.

5. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, tanto o *Regulamento de desenvolvemento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na C.A. de Galicia (D. 35/2000)* como as esixencias básicas de seguridade de utilización e accesibilidade do *Código Técnico da Edificación (CTE)*.

6. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación, recorridos de evacuación e sectorización

7. Estudo de xestión de residuos procedentes da demolición e Estudio de Seguridade e Saúde (ou estudio básico).

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións*, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións. O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. A *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas* a incluír no proxecto de obras en edificacións situadas nos ámbitos dos Plan Especiais de Protección deberá conter a seguinte documentación:

1. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello: Xustificarase o cumprimento do art. 3.6 da Normativa Urbanística do PEPRI do Casco Vello de Vigo no que se indican as condicións estéticas das edificacións (aprobación definitiva 12.04.07-DOG 6.06.07).

2. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas: Xustificarase o cumprimento do capítulo VII: Regulación das condicións estéticas (art. 50 e ss.) da Normativa Urbanística do PEPRI de Bouzas (aprobación definitiva 30.09.02-BOP 11.11.02).

3. No caso de actuacións no ámbito do Plan Especial de Edificios a Conservar: Indicaranse os acabados (materiais, cor e texturas) que se axustarán ó regulado no artigo 8.2 Normas estéticas e de composición das normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC (aprobación definitiva 25.10.90-BOP 17.01.91).

4. Presentaranse fotografías da fachada e o entorno da edificación, e se se actúa sobre as fachadas incluirase un plano de alzado co estado actual e reformado. Xustificarase a integración dos materiais propostos na fachada existente.

5. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta

administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

6. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por persoal técnico competente e reunir os requisitos formais esixibles de conformidade coa lexislación en vigor e incluir e declaración do persoal técnico que autorice o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público, responderá a ou o seu autor da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

C/ COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES. CP-003

1. Impreso normalizado de comunicación previa de cambio de titularidade dunha actividade CP-003 asinado polo novo titular.

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

3. Datos de identificación da nova titular.

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

5. No caso de actividades nas que o antigo titular substituíse o informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do Decreto *106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia,* pola declaración expresa de que a actividade producira un nivel sonoro igual o inferior, en calquera horario, a 75dB, mesma declaración asinada polo novo titular ou informe de illamento acústico .

6. No caso de actividades recreativas ou espectáculos públicos, documento acreditativo do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil obrigatorio previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

D/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES CP-004

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras menores **CP-004**

2. Datos de identificación da solicitante.

   2.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   2.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

3. Planos de situación e localización da edificación ou parcela no que se vai realizar a obra, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente. No caso de obras na edificación existente admítese en substitución, a Consulta Descritiva e Gráfica de Datos Catastrais do ben inmoble.

4. Presuposto detallado da obra ou actuación a realizar: o presuposto deberá estar asinado polo contratista , executor da obra ou técnico competente.

5. Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, se son obras interiores.

6. Nos casos de obras en fachadas que necesiten andamios: certificado de técnico/a competente no que se indique que a colocación dos andamios se fai baixo a súa dirección e que reunirán as debidas condicións de seguridade unha vez instaladas.

7. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

8. No caso de edificacións situadas nos ámbitos das plan especiais de protección vixentes, Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas, que deberá conter a seguinte documentación:

   8.a. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello: Xustificarase o cumprimento do art. 3.6 da Normativa Urbanística do PEPRI do Casco Vello de Vigo no que se indican as condicións estéticas das edificacións (aprobación definitiva 12.04.07-DOG 6.06.07).

   8.b. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas: Xustificarase o cumprimento do capítulo VII: Regulación das condicións estéticas (art. 50 e ss.) da Normativa Urbanística do PEPRI de Bouzas (aprobación definitiva 30.09.02-BOP 11.11.02).

   8.c. No caso de actuacións no ámbito do Plan Especial de Edificios a Conservar: Indicaranse os acabados (materiais, cor e texturas) que se axustarán ó regulado no artigo 8.2 Normas estéticas e de composición das normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC (aprobación definitiva 25.10.90-BOP 17.01.91).

   8.d. Presentaranse fotografías da fachada e o entorno da edificación, e se se actúa sobre as fachadas incluirase un plano de alzado co estado actual e reformado. Xustificarase a integración dos materiais propostos na fachada existente.

9. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

10. Nos casos de presentar documentación técnica: declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

11. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

E/ COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES CP-005

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras maiores, instalacións, peches e rótulos **CP-005**

2. Copia do documento de autoliquidación das taxas municipais

3. Datos de identificación da solicitante.

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Proxecto técnico completo redactado por técnico competente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as, que autoricen o proxecto, de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, así como Estudo de seguridade e saúde e Estudo de xestión de residuos.

5. Oficio de dirección das obras e dirección da execución da obra.

6. Declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade. EXCLÚESE a súa presentación nos casos nos que se achegue proxecto, certificados ou outra documentación técnica visada polo correspondente colexio profesional

7. Reportaxe fotográfica, incluído fotografías da totalidade da fachada e da zona na que se pretenden realizar a obra.

8. Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. No caso de achegar a acreditación da sua solicitude, non poderá iniciar a obra ata o seu otorgamento.

9. No caso de edificacións situadas nos ámbitos de Plans Especiais de Protección, Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas, que deberá conter a seguinte documentación:

   9.a. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello: Xustificarase o cumprimento do art. 3.6 da Normativa Urbanística do PEPRI do Casco Vello de Vigo no que se indican as condicións estéticas das edificacións (aprobación definitiva 12.04.07-DOG 6.06.07).

   9.b. No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas: Xustificarase o cumprimento do capítulo VII: Regulación das condicións estéticas (art. 50 e ss.) da Normativa Urbanística do PEPRI de Bouzas (aprobación definitiva 30.09.02-BOP 11.11.02).

   9.c. No caso de actuacións no ámbito do Plan Especial de Edificios a Conservar: Indicaranse os acabados (materiais, cor e texturas) que se axustarán ó regulado no artigo 8.2 Normas estéticas e de composición das normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC (aprobación definitiva 25.10.90-BOP 17.01.91).

   9.d. Presentaranse fotografías da fachada e o entorno da edificación, e se se actúa sobre as fachadas incluirase un plano de alzado co estado actual e reformado. Xustificarase a integración dos materiais propostos na fachada existente.

10. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

11. No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación renuncia da ou do propietario do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.

12. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

F/ COMUNICACIÓN PREVIA DE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS EN LOCAIS CP-005

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras maiores, instalacións, peches e rótulos **CP-005**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

3. Datos de identificación da solicitante.

3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Plano de situación e localización a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente

5. Reportaxe fotográfica, incluído fotografías da totalidade da fachada e da zona na que se pretenden instalar os rótulos.

6. Memoria descritiva da instalación que se pretende, asinada por técnico/a competente, con indicación de materiais e acabados e planos a escala dos rótulos nos que se indiquen as dimensións e posición destes respecto á beirarrúa así como na fachada do edificio onde se pretende a colocación.

7. Fotocopia da licenza de actividade que se desenvolve no edificio ou local ou da comunicación previa de inicio de actividade.

8. Presuposto detallado da obra ou actuación para realizar.

9. Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

10. No caso de edificacións situadas nos ámbitos de plans especias de protección, Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas, que deberá conter a seguinte documentación:

10.a No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello: Xustificarase o cumprimento do art. 3.6 da Normativa Urbanística do PEPRI do Casco Vello de Vigo no que se indican as condicións estéticas das edificacións (aprobación definitiva 12.04.07-DOG 6.06.07).

10.b No caso de actuacións dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas: Xustificarase o cumprimento do capítulo VII: Regulación das condicións estéticas (art. 50 e ss.) da Normativa Urbanística do PEPRI de Bouzas (aprobación definitiva 30.09.02-BOP 11.11.02).

10.c No caso de actuacións no ámbito do Plan Especial de Edificios a Conservar: Indicaranse os acabados (materiais, cor e texturas) que se axustarán ó regulado no artigo 8.2 Normas estéticas e de composición das normas urbanísticas do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC (aprobación definitiva 25.10.90-BOP 17.01.91).

10.d Presentaranse fotografías da fachada e o entorno da edificación, e se se actúa sobre as fachadas incluirase un plano de alzado co estado actual e reformado. Xustificarase a integración dos materiais propostos na fachada existente

11. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

12. Declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor da documentación técnica no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

13. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

G/ COMUNICACIÓN PREVIA DE CONSTRUCIÓN DE PECHES DE PARCELAS (excepto muros de conten-

ción) CP-005

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras maiores, instalacións, peches e rótulos **CP-005**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a. PPersoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Plano de situación a escala mínima 1:2000.
5. Plano de deslinde acoutado que indique onde se pretende o peche a escala mínima 1:500.
6. Se o peche linda coa a vía pública: copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante (que se deberá reflectir sobre un plano topográfico a escala mínima de 1:500 cos mesmos parámetros fixados polos técnicos municipais).
7. Memoria descritiva coa indicación dos materiais, altura e lonxitude do peche
8. Copia das restantes autorizacións e, se é o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento
9. Presuposto detallado da obra ou actuación a realizar: o presuposto deberá estar asinado polo contratista , executor da obra ou técnico competente.
10. Reportaxe fotográfica da parcela na que se pretenden construír o peche
11. No caso de muros de contención de menos de 1,5 m de altura: proxecto técnico completo redactado por técnico competente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as, que autoricen o proxecto, de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, así como Estudo de seguridade e saúde e Estudo de xestión de residuos.
12. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.
13. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

H/ INSTALACIÓN DE SOPORTES PUBLICITARIOS CP-005

1. Impreso normalizado de comunicación previa de obras maiores, instalacións, peches e rótulos **CP-005**
2. Copia do documento de autoliquidación das taxas municipais
3. Datos de identificación da solicitante.

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro

público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Proxecto técnico completo redactado por técnico competente (incluído estudio de seguridade e saúde) e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

5. Oficio de dirección das obras, dirección da obra e dirección da execución da obra.

6. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

7. Reportaxe fotográfico.

8. *Autoriza*ción da propiedade do emprazamento, con menos de tres meses desde a súa expedición, indicando nome e apelidos do asinante, calidade en que actúa, DNI/NI, dirección e teléfono.

9. Póliza de seguro, segundo previsto no artigo 35.2 da Ordenanza de reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo

10. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

11. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTIDO MÍNIMO DOS PROXECTOS DE INSTALACIÓNS PUBLICITARIAS

O proxecto técnico de instalacións publicitarias deberá conter como mínimo ca seguinte documentación técnica:

1. Memoria descritiva e xustificativa da actuación, facendo constar os materiais, calidades, texturas e cores da instalación prevista, sistemas de montaxe, potencia eléctrica [de ser o caso], xustificación técnica do elemento estrutural requirido á acción do vento, etc.

2. Presuposto, por capítulos, da instalación

3. Plano do Plan Xeral [escala 1:2.000], marcando claramente os límites do lugar onde se pretenda realizar a instalación.

4. Cando os soportes publicitarios deban instalarse sobre o cerramento da parcela, deberá achegarse fotocopia da acta de aliñacións oficiais do emprazamento xustificando que o peche existente cumpre coa dita aliñación ou, noutro caso, obter previamente licencia de peche axustada á mesma.

5. Plano de situación a escala 1:500 acoutado, sinalando a aliñación coas mesmas referencias que a acta de aliñacións oficiais.

6. planos de planta, sección e alzado,a escala 1:50 e acoutados do estado actual e futuro coas carteleiras instaladas, con expresión do seu número, dimensións de cada unha delas e características da instalación, coa relación dos diversos elementos que a constitúan, mesmo os de apoio e ancoraxe.

7. Fotografías a cor, en formato mínimo de 8 x 11, do emprazamento desde diferentes ángulos e tomadas desde a vía pública, de modo que permitan a perfecta identificación do mesmo e fotomontaxe, en idéntico formato, do efecto final da actuación.

8. Cando se trate de instalar soportes publicitarios non ríxidos sobre estruturas de andame, achegarase fotocopia da autorización municipal para a instalación desa estrutura, debéndose prever

especificamente no preceptivo estudio de seguridade e saúde a colocación daqueles soportes e xustificar o cumprimento das condicións de seguridade esixibles unha vez instaladas as estadas ou "*andamios*" e o soporte publicitario.

9. Xustificación do cumprimento da distancia de 15 metros de separación a respecto de ocos de ventás de edificios habitados, prevista no artigo 17.6 da ordenanza de publicidade, cando se trate de instalar superficies publicitarias en coroación de edificios. Ademais, para este tipo de soportes esixirase especificamente a presentación de memoria do cálculo da estrutura e planos de detalle da instalación, da súa cimentación e da súa estrutura, a escala e acoutados.

Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por técnico/a ou técnicos/as competentes e reunir os requisitos formais esixibles de conformidade coa lexislación en vigor e incluir e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público, responderá a ou o seu autor da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

I/ INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE CAPTACIÓN ENERXÍA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE. AUTOCONSUMO CP-005

1. IImpreso normalizado de comunicación previa de obras maiores, instalacións, peches e rótulos **CP-005**
2. Copia do documento de autoliquidación das taxas municipais
3. Datos de identificación da solicitante.

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica
4. Memoria técnica de deseño ou proxecto técnico completo, redactado por técnico competente, segundo determine a lexislación sectorial
5. Declaración dos facultativos que asinen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
6. Oficio de dirección das obras, se fose necesario de conformidade coa lexislación sectorial.
7. Memoria xustificativa da integración arquitectónica das instalacións.
8. No caso de instalacións situadas sobre a cuberta das edificacións: certificado por técnico competente conforme a capacidade portante da cuberta é adecuada.
- Que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación e achega toda a documentación preceptiva.
- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que **iniciará as obras a partires do día**...../...../.....(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días), **cun prazo de execución de** .....

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

INFORMASE QUE, *consonte ao artigo 146.2 da* Lei 2/2016 do solo de Galicia, *a* comunicación previa, transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa presentación, constitúe título habilitante para o inicio da actuación comunicada, **sempre que cumpra cos requisitos esixidos pola normativa de aplicación, requisitos que na súa comunicación, manifesta que cumpre baixo a súa responsabilidade,** sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte deste Concello.
ADVÍRTESELLE QUE "*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación* ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos". Así mesmo, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades..

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. Obras Maiores:

Obras puntuais de consolidación e reforma de edificacións existentes, que non produza unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría ou o conxunto do sistema estrutural nin modifique os usos característicos da edificación.

Obras de reforma de vivendas existentes

Restauración de fachadas, medianeiras, patios ou terrazas. (excepto limpeza e pintado) e reposición de cubertas.

1a. Proxecto técnico completo redactado por técnico competente (incluído estudio de seguridade e saúde) e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
1b. Oficio de dirección das obras, dirección da obra e dirección da execución da obra.
1c. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
1a. Reportaxe fotográfica.

2. Instalación de novos elementos publicitarios en locais comerciais (rótulos, toldos, bandeirolas, etc.)

2a. Plano de situación e emprazamento a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente
2a. Reportaxe fotográfica da fachada e da zona na que se pretende instalar
2b. Memoria descritiva da instalación que se pretende, asinada por técnico competente, indicando materiais e acabados e planos a escala do rótulo no que se indiquen as dimensións e posición do mesmo respecto á beirarrúa, así como da fachada do edificio onde se colocará.
2c. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente.
2d. Fotocopia da licenza ou comunicación previa de actividade que se desenvolve no edificio ou local.
2e. Presuposto desglosado da obra ou actuación a realizar.

3. Construción de peches e valados de parcelas e solares. (excepto muros de contención de altura igual o superior a 1,5 m)

3a. Plano de situación a escala mínima 1:2000.
3b. **Plano de deslinde acoutado** *indicando onde se pretende o peche a escala mínima 1:500.*
3c. *Se o peche linda fronte a vía pública:* ***Copia do Plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante*** *(Que se deberá reflectir sobre un plano topográfico a escala mínima de 1:500 cos mesmos parámetros fixados polos técnicos municipais).(excepto solo urbano non consolidado e solo urbanizable sen ordenación detallada)*
3d. Memoria descritiva indicando os materiais, a altura e a lonxitude do peche
3e. Presuposto desglosado da obra ou actuación a realizar.
3f. Reportaxe fotográfica do linde onde se pretende construír o peche
3g. No caso de muros de contención de menso de 1,5 m de alturaProxecto técnico completo redactado por técnico competente (incluído estudio de seguridade e saúde) e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

4. Instalación de soportes publicitarios

4a. Proxecto técnico completo redactado por técnico competente (incluído estudio de seguridade e saúde) e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación. O contido mínimo do proxecto será o establecido no anexo 5 da *Ordenanza municipal de tramitación de licenzas***.**
4b. Oficio de dirección das obras, dirección da obra e dirección da execución da obra.
4c. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
4d. Reportaxe fotográfica.
4e. *Autoriza*ción da propiedade do emprazamento, con menos de tres meses desde a súa expedición, indicando nome e apelidos do asinante, calidade en que actúa, DNI/NIE, dirección e teléfono.
4f. Póliza de seguro, segundo previsto no artigo 35.2 da Ordenanza de reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo

5. Instalación de sistemas de captación enerxía en edificación existente. Instalacións de autoconsumo

5a. Memoria técnica de deseño ou proxecto técnico completo, redactado por técnico competente, segundo determine a lexislación sectorial e declaración dos facultativos que asinen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
5b. Oficio de dirección das obras, se fose necesario de conformidade coa lexislación sectorial.
5c. Memoria xustificativa da integración arquitectónica das instalacións.
5d. No caso de instalacións situadas sobre a cuberta das edificacións: certificado por técnico competente conforme a capacidade portante da cuberta é adecuada.
5e. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
5f. Reportaxe fotográfica.

Xunto co presente documento, os solicitantes deberán achegar:

1.**Datos identificativos da persoa solicitante**:

Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado

Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica

2. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente

3 Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

2. No caso de edificacións en situación de fóra de ordenación renuncia do propietario do inmoble ao incremento do valor en caso de expropiación.

3. No caso de edificacións situadas nos ámbitos de Plans Especiais de Protección vixentes, Memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas, co contido mínimo establecido no Anexo 2 da *Ordenanza municipal de tramitación de licenzas*

4. No caso de actuacións que n se atópen no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración **autorización**, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**CP-006** **COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE OBRA**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº ..... Localidade e CP .....

Teléfono: .....

Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Datos da licenza:

Descrición da Obra: .....

Expediente nº: .....

Localización da obra ..... Nº ..... CP .....

Referencia catastral .....

COMUNICA A XERENCIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO a transmisión da licenza de obras indicada, de conformidade co disposto no artigo 13 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, para os oportunos efectos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

□ Fotocopia do NIF, NIE ou CIF do/a antigo titular e do novo/a titular e dos representantes, no seu caso

□ Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación (se procede)

□ Documentación acreditativo da transmisión da licenza ao/a novo/a titular.

□ Se para a obtención da licenza que se transmite foi constituída garantía para responder de obras de urbanización ou da reposición de servizos urbanísticos, o/a novo/a titular deberá achegar copia do mandamento de ingreso expedido pola Tesourería do Concello do novo aval bancario, ou fianza en metálico, pola mesma cantidade e o mesmo concepto que a garantía prestada polo titular anterior.

O/a novo/a titular da licenza de obra **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**
- Que achega toda a documentación preceptiva
- Que se subroga en todos os dereitos e obrigas derivados da licenza.
- Que a licenza urbanística que se transmite está en vigor.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras Administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Vigo, ...de.....de 20.....

O NOVO TITULAR.....

A presente comunicación correctamente formalizada producirá efectos dende a data da súa presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo ou por calquera medio válido segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administraciones públicas.

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administraciones públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito,, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación".
Advírteselle que as licenzas quedarán sen efecto se se incumpren as condicións ás que estiveran subordinadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**CP-007** **COMUNICACIÓN PREVIA INICIO OBRA NOVA AUTORIZADA**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……

Nome e apelidos Representante …… NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº …… Localidade e CP ……

Teléfono: ……

Correo Electrónico ……

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da obra

Localización ..... Nº ..... CP .....

Referencia catastral .....

3. Descrición das obras autorizadas

Nº expediente licenza das obras a realizar.....

Tipo de proxecto autorizado: (Básico ou Básico e Execución): .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO.
CÓDIGO nº.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE.
VISADO Nº.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega a totalidade da documentación preceptiva.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que iniciara as obras de .....autorizadas no expediente indicado a partir do día .....,(no caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante

Nome ..... DNI.....

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administraciones públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito,, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación"

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

- Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.
- Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

No caso de licenzas de obra de obra solicitadas co proxecto básico:

1b. Proxecto de execución, no seu caso, visado polo correspondente Colexio Profesional

1c. No caso de edificacións co división horizontal: Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado pola ou polo técnico competente de acordo co R.d.l. 1/1998 e proxecto técnico que prevexa a instalación de infraestrutura de soporte do fogar dixital redactado polo/a técnico/a competente de acordo co Decreto 127/2016 nas edificacións de uso residencial.

1d. Estudo de seguridade e saúde, segundo R.d. 1627/1997, redactado polo/a técnico/a competente e, no seu caso, visado polo correspondente Colexio Profesional

1e. Se é o caso, proxecto técnico redactado por técnico/a competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria

1f. Oficio da dirección da execución da obra, no caso de que non se presentase previamente

1g. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008,

1h. Documento asinado pola ou polo técnico redactor do proxecto onde sinale que o proxecto técnico de execución axústase e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

2. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o **documento de Autoliquidación da taxa** correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CP-008

COMUNICACIÓN PREVIA
INSTALACIÓN DE GRÚA/GUINDASTRE

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……..

Nome e apelidos Representante …… NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº ... Localidade e CP ……

Teléfono: ……

Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non Aviso teléfono móbil: ..... Aviso ao correo electrónico:.....

2. Emprazamento da instalación:

Emprazamento ..... Nº .. CP ..... Ref. Catastral .....

3. Descrición

Descrición:

Licenza ou comunicación previa da obra á que serve a grúa ou guindastre:.....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. CÓDIGO nº.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as instalacións a executar.
- Que cumpre coas condicións de seguridade esixibles consonte co R.d. 836/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba a nova instrución técnica complementaria "MIE-AEM-2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a guindastre torre para obras e outras aplicacións.
- Que a instalación efectuarase por entidade instaladora que conta coa autorización da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.
- Que a instalación dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Vigo.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias.
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso

ASEMADE,

- Que a montaxe do guindastre será realizado pola empresa instaladora autorizada (segundo documentación aportada) baixo a dirección do/a técnico/a competente da entidade instaladora responsable do montaxe.
- Que coidará, en todo momento, que o guindastre torre se manteña en perfecto estado de funcionamento e seguridade, contratará, mentres a grúa permaneza instalada, o mantemento e revisións da instalación cunha empresa inscrita no Rexistro de empresas conservadoras e impedirá a súa utilización cando non ofreza as debidas garantías de seguridade para as persoas ou cousas ou cando directa ou indirectamente teña coñecemento de que esta non reúne as debidas condicións de seguridade e demais obrigas establecidas na lexislación vixente, en especial, o artigo 13 do *RD 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o regulamento de aparellos de elevación e manutención.* Que subscribirá un contrato de mantemento cunha empresa conservadora autorizada.
- Que o carro do que colga o gancho do guindastre non rebordará a área do soar da obra. Que no caso de que a área de funcionamento do brazo reborde o espazo acoutado polo valo das obras, tomaranse polo peticionario/a as precaucións necesarias para que o carro e os materiais que del se suspendan non voen fóra da superficie acoutada polo dito valo. Ademais, terase especial coidado cos posibles contactos con liñas de condución de electricidade. Que non se deixarán obxectos ou materiais suspendidos cando o guindastre estea en repouso.
- Contará na obra cunha copia do impreso de comunicación e do certificado de finalización da instalación.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que a grúa estará en funcionamento a partires do día.....(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) cun prazo de execución de .....

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 69 da 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito,, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación".

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.
- Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1b.- Proxecto de Instalación subscrito por técnico competente, co contido mínimo regulado no anexo II da ITC «MIE-AEM-2» aprobada por RD 836/2003, de 27 de xuño, ou norma que o substitúa.

1c.- Xustificación ou certificación expedida pola compañía aseguradora acreditativa de que a empresa autorizada pola comunidade autónoma como instaladora e conservadora do guindastre ten cuberta a súa responsabilidade civil pola contía mínima que prevé o art. 6 do citado RD 836/2003, de 27 de xuño, ou norma que o substitúa (importe mínimo 600.000,00 euros) . No caso de que a grúa se instale en terreos de propiedade municipal, esixirase ademais o citado seguro de responsabilidade civil respecto do usuario da guindastre.

1d.-Certificado de instalador autorizado da idoneidade técnica do guindastre para instalar e do perfecto estado de todos os elementos, materiais e mecanismos, que acredite que este se atopa en perfectas condicións para ser montado.

1e.-Se a instalación situase en vía pública, deberá achegar copia da resolución do Concello que autorice a ocupación.

1f.- Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade. EXCLÚESE a súa presentación nos casos nos que se aporte proxecto, certificados ou outra documentación técnica visada polo correspondente colexio profesional.

1g.- Autorizacións sectoriais previas preceptivas: Importante autorización AESA

4. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente.

ANEXO 3

AR

ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS
DECLARACIÓNS RESPONSABLE E LICENZAS DE ACTIVIDADE

ÍNDICE

3.1. DEFINICIÓNS 3

3.2. TÍTULO HABILITANTE PARA A APERTURA DUN ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO NO QUE SE DESENVOLVAN ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES RECREATIVAS..... 5

3.2.1 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE INFERIOR O IGUAL A 500 PERSOAS..... 5

3.2.2 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE SUPERIOR A 500 PERSOAS OU AQUELES CUXA NORMATIVA ESPECIFICA EXIXA A CONCESIÓN DE LICENZA..... 5

3.2.3 ACTIVIDADES EXENTAS DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU LICENZA PREVIA..... 6

3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU SOLICITUDES DE LICENZA PARA ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS..... 7

A/ DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS ATA 500 P DE CAPACIDADE. AR-001 7

CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO..... 8

B/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS DE 500 P DE CAPACIDADE QUE PRECISA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO. AR-002..... 8

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE ACTIVIDADE e OBRAS REFORMA..... 9

C/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS DE 500 P DE CAPACIDADE E LICENZA DE OBRA NOVA, AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN XERAL AR-003..... 10

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE ACTIVIDADE e OBRA NOVA, AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN XERAL..... 12

3.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL..... 15

3.5. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS..... 17

ANEXO 3

ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS PÚBLICOS
DECLARACIÓNS RESPONSABLE E LICENZAS DE ACTIVIDADE

AR

3.1. DEFINICIÓNS

ESPECTÁCULOS PÚBLICOS: As representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións ,competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

ACTIVIDADES RECREATIVAS: Aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas.

DECLARACIÓN RESPONSABLE: Documento subscrito pola persoa interesada no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio.

De conformidade co artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas están sometidas ao réxime de **declaración responsable**.

Porén, por razóns de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde públicas e protección do medio ambiente, exixirase a obtención de licenza municipal nos seguintes supostos:

- A apertura de establecementos abertos ao público, nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas, cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- A celebración de espectáculos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.
- A apertura de establecementos abertos ao público e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de licenza ou autorización.

3.2. TÍTULO HABILITANTE PARA A APERTURA DUN ESTABLECEMENTO ABERTO AO PÚBLICO NO QUE SE DESENVOLVAN ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES RECREATIVAS

3.2.1 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE INFERIOR O IGUAL A 500 PERSOAS

De conformidade co artigo 40 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas están sometidas ao réxime de **declaración responsable.**

Con carácter previo á apertura do establecemento as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable, segundo modelo normalizado e a documentación técnica que se relaciona neste anexo.

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración. Non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actividade e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas. O control municipal prodúcese con posterioridade ao inicio da actividade. A existencia de inexactitudes, falsidades ou deficiencias no local determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade

Xunto ca declaración responsable a persoa titular deberá presentar informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que deberá completarse co disposto ao respecto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións. Así mesmo incluirá certificado de medición do nivel de ruídos transmitidos polo funcionamento das instalacións de ventilación/climatización, frigoríficas ou calquera, cuxa potencia sexa igual ou superior a 5 C.V. por instalación, que non superarán os niveis máximos permitidos no exterior e nas vivendas ou actividades lindeiras co local.

Durante o exercicio da actividade deberá contar no local, a disposición dos servizos de inspección, dunha copia da declaración responsable presentada.

No caso de necesitar obras de adaptación no local presentará comunicación previa de obras, ou solicitude de licenza previa no caso de edificacións con algún grao de catalogación, acompañada da documentación preceptiva e a relativa á actividade. Unha vez rematada a obra presentara a declaración responsable para o inicio da actividade achegando o correspondente Certificado final de obra e os informe de illamento acústico preceptivo.

3.2.2 APERTURA DE ESTABLECEMENTOS CUNHA CAPACIDADE SUPERIOR A 500 PERSOAS OU AQUELES CUXA NORMATIVA ESPECIFICA EXIXA A CONCESIÓN DE LICENZA

A apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas cunha capacidade **superior as 500 persoas** ou aqueles cuxa normativa específica o esixa están suxeita ao réxime de **licenza municipal previa**.

Con anterioridade a apertura do establecemento a persoa titular deberá achegar solicitude de licenza segundo o modelo normalizado, coa documentación que figura neste anexo. Tramitarase conxuntamente a licenza de actividade e a licenza de obras. A proposta de resolución da solicitude de licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, así se lle notificará á persoa interesada e non será necesario resolver sobre a segunda.

Unha vez resolta a licenza e con carácter previo ao inicio da actividade a persoa titular deberá efectuar comunicación na que exprese que cumpre as condicións establecidas na documentación presentada e na licenza, achegando o informe de illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que deberá completarse co disposto ao respecto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións e, no seu caso, o certificado final de obra e das instalacións.

O informe de illamento acústico incluirá certificado de medición do nivel de ruídos transmitidos polo funcionamento das instalacións de ventilación/climatización, frigoríficas ou calquera, cuxa potencia sexa igual

ou superior a 5 C.V. por instalación, que non superarán os niveis máximos permitidos no exterior e nas vivendas ou actividades lindeiras co local

O concello deberá efectuar visita de comprobación para os efectos de verificar o cumprimento das condicións establecidas na documentación presentada e na licenza e notificar o seu resultado no prazo máximo dun mes.

O establecemento quedará suxeito ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas no artigo 28 da *Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*.

No caso de obra nova non poderá iniciar a actividade ata a eficacia da comunicación previa de primeira ocupación.

3.2.3 ACTIVIDADES EXENTAS DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU LICENZA PREVIA

De conformidade co artigo 42.2. da *Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* quedan exentos de declaración responsable e de licenza previa, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que sexan aplicables:

A apertura de establecementos abertos ao público que sexan de titularidade do propio concello.

Os espectáculos públicos e as actividades recreativas organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares, con independencia da titularidade do establecemento ou espazo aberto ao público onde se leven a cabo.

3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES OU SOLICITUDES DE LICENZA PARA ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

A/ DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS ATA 500 P DE CAPACIDADE. AR-001

1. Impreso normalizado de declaración responsable de inicio de actividade **AR-001**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

Se no local realizáronse **obras de adaptación previas** ao desenvolvemento da actividade (con licenza ou comunicación previa)

1. Certificación de fin de obra das obras e das instalacións, asinada polo/a técnico/a director/a das obras.
2. Se o titular de actividade é distinto o solicitante da obra: documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.).
3. Se o titular de actividade é distinto o solicitante da obra: A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.
4. 4. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que deberá completarse co disposto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

Se **non son precisas obras de acondicionamento**

1. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)
2. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, asinado por técnico/a competente. Deberá utilizar a cartografía oficial.
3. Proxecto técnico e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade asinados por persoa técnica competente, co contido mínimo establecido neste anexo.
4. Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.
5. A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.
6. Se for o caso, a autorización, o informe ou a declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica aplicable.
7. O documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a

certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.

8. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que deberá completarse co disposto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

9. Se for o caso, o certificado, a acta ou o informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*.

CONTIDO DO PROXECTO TÉCNICO

Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable.

O proxecto, subscrito por técnico/a competente, incluirá como mínimo a seguinte documentación técnica:

- A descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, así como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

- Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escalas 1:100 ou 1:50 segundo o caso, con indicación do uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións, etc. e instalacións de protección contra incendios.

- Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local.

- Declaración acreditativa de que o local é apto para a actividade recreativa ou espectáculo público, conforme á normativa aplicable en función deste e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais

- Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade.

B/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS DE 500 P DE CAPACIDADE QUE PRECISA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO. AR-002

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de obras de obras de actividade inocua e obras de reforma comercial **AR-002** .

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos de identificación da solicitante:

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Fotocopia de documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento)

5. Reportaxe fotográfica da edificación (fachadas e interior do local para reformar)

6. Documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

7. Proxecto técnico das obras de adaptación que se van a realizar, redactado por técnico/a competente co contido mínimo establecido neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade precisas para o uso pretendido.

8. Proxecto técnico da actividade e das instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido mínimo establecido neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas .

9. Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto

10. Plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico.

11. Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

12. Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel

13. Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

14. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

15. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE ACTIVIDADE e OBRAS REFORMA

1. Os proxectos de reforma de local para o desenvolvemento dunha actividade axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do *Código técnico da edificación*.

2. Ademais da documentación recollida no anexo I da parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. Incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral.

2. No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

3. Xustificación do cumprimento das Esixencias básicas do *Código Técnico da Edificación (CTE)*. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido.

4. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da edificación na que se pretenden as obras e plano de localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima e 1:500.

5. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, tanto o *Regulamento de desenvolvemento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na C.A. de Galicia (D. 35/2000)* como as Esixencias básicas de seguridade de utilización e accesibilidade do *Código Técnico da Edificación (CTE)*.

6. Estudo de xestión de residuos procedentes da demolición e Estudio de Seguridade e Saúde (ou estudio básico).

7. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

8. No caso de edificacións catalogadas o proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei2/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións . O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza. Os valores de illamento deberán ser alomenos os indicados no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica da Galicia.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escala 1:100 o 1:50 segundo o caso, con indicación do uso das diferentes dependencias, superficies, maquinaria e instalacións, situación de saídas, comunicacións, etc.

5. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios, sectorización e recorridos de evacuación. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación.

4. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por técnico ou técnicos competentes, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público, responderá a ou o seu autor da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

C/ LICENZA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS ACTIVIDADES RECREATIVAS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DE MAIS DE 500 P DE CAPACIDADE E LICENZA DE OBRA NOVA, AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN XERAL AR-003

1. Impreso normalizado de solicitude de licenza de actividade inocua e obra nova **AR-003**

2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente

3. Datos de identificación da solicitante

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.

5. Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.

6. Oficio de dirección das obras e documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto de actividade e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

7. Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

8. Autorizacións sectoriais previas preceptivas, incluída a autorización ou declaración ambiental que proceda.

9. En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.

10. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación e neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas.*

11. Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido no neste anexo da *Ordenanza de tramitación de licenzas.*

12. Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

13. Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

14. Plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico.

15. Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

16. Xustificación do cumprimento da *Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo.*

17. En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

18. De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a licenza se solicita co proxecto básico e execución, ademais da documentación anterior deberá presentar:

19. Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado pola ou polo técnico competente de acordo co R.d.l 1/1998 (no caso de edificios con división horizontal)

20. Estudio de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado por técnico/a competente

21. Proxecto técnico redactado por técnico/a competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria.

22. Oficio da dirección da execución da obra .

23. Estudio de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE ACTIVIDADE e OBRA NOVA, AMPLIACIÓN OU REESTRUTURACIÓN XERAL

1. Os proxectos de edificación axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condicións do proxecto", Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto de edificación deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el. incluirá a xustificación das condicións esixidas pola normativa do plan xeral, as condicións de vivenda exterior, os do cálculo de superficies edificables e axuste ao dereito edificatorio. Se é o caso, incluirá as condicións e xustificacións de alturas e recuados segundo a ordenanza, con expresión, de proceder, das solucións adoptadas para o tapado de medianeiras ou resolución dos problemas que se deriven destas. Ademais, se procede, xustificará as condicións mínimas de habitabilidade reguladas na normativa autonómica vixente.

2. No caso de ámbitos de plans especiais de protección debera xustificar especificamente o cumprimento das condicións estéticas.

3. Ademais de conformidade co artigo 353 do *Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia* a memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no *artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe* de dito *regulamento*.

4. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.

5. Copia do plano oficial acreditativo da acta de liña e rasante, a cal deberá reflectirse sobre un plano topográfico a escala mínima 1:500 cos mesmos parámetros cos que sexan fixados polos técnicos municipais. (excepto nas zonas de ordenanza 1 e 2).

6. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutándose as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros; acoutándose o ancho das vías de acceso, indicarase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.

7. Plano topográfico á mesma escala que o de localización con curvas de nivel con equidistancias dun metro, no que se indique a edificación e arboredo existente.

8. Secciones da parcela coa edificación proxectada, á mesma escala que o de localización, con indicación do estado actual do terreo e do terreo modificado. A cota de referencia deberá figurar nos planos dos alzados coa xustificación do cumprimento da altura máxima.

9. Nos casos de urbanización e edificación simultánea: planos e memoria na que se indique a urbanización dos terreos de cesión e reposición de servizos seguindo as indicacións do acta de liña e rasante. No caso de que sexa necesaria un proxecto de obras complementarias de urbanización presentarase para a súa tramitación simultanea co proxecto de edificación.

10. Se as obras para as cales se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra para realizar así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que adoptar en relación coa propia obra, vía pública e predios ou construcións veciñas que poidan ser afectados polo desmonte ou terraplén.

11. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

12. Se actuación proxectada atópase no contorno de protección dun ben, incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, deberá xustificar que as obras están comprendidas entre as enumeradas no artigo 45.2 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, e polo tanto no precisan a autorización prevista no artigo 39.1 da dita Lei. No caso de obras que no cumpre a anterior condición e atópense no ámbito de protección dun elemento catalogado cun nivel de protección ambiental ou estrutural, deberá solicitar nesta administración autorización, previa a eficacia da comunicación previa, de conformidade co artigo 39.1 da LPCG.

13. No caso de edificacións incluídos no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, o proxecto deberá completarse coa documentación necesaria de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural da Galicia

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, asi como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións*, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións. O estudo conterá as determinacións establecidas no artigo 11 e, no caso de establecementos públicos, do artigo 15 da ordenanza.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.

4. Planos acoutados de planta, alzado e sección do local, a escala 1:100 o 1:50 segundo o caso, con indicación do uso das diferentes dependencias, superficies, maquinaria e instalacións, situación de saídas, comunicacións, etc

5. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios, sectorización e recorridos de evacuación. Incluirán a definición dos corredores fixos de evacuación.

4. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona nos puntos 1 e 2 e o proxecto da actividade ca documentación que se relaciona no punto 3. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 46 da ordenanza, xunto coa documentación enumerada do 18 ao 22 do apartado documentación presentar:

3.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

1. Os proxectos técnicos en formato dixital deberán achegarse en formato PDF asinados polo seu autor ou ben visados polo correspondente colexio profesional.

2. Os proxectos poderán achegarse a través da "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS " da sede electrónica do Concello de Vigo. A citada plataforma permite incorporar os distintos arquivos PDF e a firma electrónica destes.

3. Os arquivos dixitais que compoñen o proxecto técnico deberán responder a seguinte estrutura:

- MEMORIA: cada capitulo da memoria deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PLANOS: Cada plano deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PRESUPOSTO: incluirase un arquivo PDF cun resumo do presuposto por capítulos.
- OUTROS DOCUMENTOS: cada documento será un arquivo PDF.

4. O tamaño máximo de cada arquivo será de 6MB

5. O nome doa arquivos estarán compostos unicamente por letras e números e non poderán incluír caracteres especiais nin acentuados.

3.5. IMPRESOS NORMALIZADOS DE SOLICITUDE ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESPECTÁCULOS

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

AR-001

DECLARACIÓN RESPONSABLE APERTURA ESTABLECEMENTO ACTIVIDADE RECREATIVA(aforo<500P)

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº Localidade e CP .....

Teléfono: ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización do local:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Referencia catastral .....

3. Descrición da actividade

Tipo de establecemento:
Descrición da actividade:

Superficie Total: m2
Potencia Mecánica: CV
Aforo máximo: .....persoas

Denominación comercial:.....

O PROXECTO TÉCNICO FOI PRESENTADO na "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO CÓDIGO nº.

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE. VISADO Nº

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta e que achega a seguinte documentación que acredita :

□ Que r**ematuron as obras** necesarias para o acondicionamento do establecemento realizadas con carácter previo ao inicio da actividade, comunicadas ou con licenza previa, **expediente núm**. .....,axustándose as súas determinacións como consta no certificado de fin da obra asinado por técnico competente achegado.

□ Que **non son precisas obras de acondicionamento** para o desenvolvemento da actividade.

ADEMAIS

- Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións a desenvolver .
- Que se dispón de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras.
- Que a actividade cumpre coas normas de accesibilidade,
- Que cumprirán os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias e normativa específica de tratamento de residuos.
- Que a actividade dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Vigo.
- Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación.
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias para o exercicio da actividade.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

ASÍ MESMO

- Que

-cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio . Ademais, contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais, unha copia desta declaración.

- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que iniciará a actividade a partires do día.....(DATA PREVISTA DA APERTURA DO ESTABLECEMENTO).

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante Nome ..... DNI.....

INFORMASE QUE, *a presentación da DECLARACIÓN RESPONSABLE co conseguinte* ***efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable,*** *nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control atribuídas á administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 40.6 da dita Lei "*A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas* ".Así mesmo, "*A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar a un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano* ".

APERTURA DE ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO CUNHA CAPACIDADE IGUAL OU INFERIOR A 500 PERSOAS NO QUE SE DESENVOLVAN ESPECTÁCULOS PÚBLICOS OU ACTIVIDADES RECREATIVAS

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. Se no local realizáronse obras de adaptación previas ao desenvolvemento da actividade (con licenza ou comunicación previa)

1a. Certificación de fin de obra das obras e das instalacións, asinada polo/a técnico/a director/a das obras.

1b. Se o titular de actividade é distinto o solicitante da obra: Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

1c. Se o titular de actividade é distinto o solicitante da obra: A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes .

1d. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do *DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia,* que deberá completarse co disposto no artigo 15 da *Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e* vibracións.

2. Se non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade

2a. Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compra, etc.)

2b. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, sobre a cartografía oficial, asinado por técnico competente.

2c. Reportaxe fotográfica do local: Fachadas e interior do local, subscrita polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto

2d. Proxecto técnico e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade asinados por persoa técnica competente, co contido mínimo establecido no anexo 3 da *Ordenanza municipal de tramitación de licenzas* .

2e. Declaración responsable (ou certificado colexial) da persoa que subscribe o proxecto no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitada ou incursa en causa de incompatibilidade.

2f. Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.

2g. Se for o caso, autorización, informe ou declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica aplicable.

2h. Documento acreditativo asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.

2i. Informe do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto no artigo 11 do DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, que deberá completarse co disposto no artigo 15 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

2j. Se for o caso, certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*

3. En ambos casos ademais deberán aportar

1.**Datos identificativos do solicitante**:

1.Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

2.Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

2. Documento de Autoliquidación da taxa correspondente

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**AR-002** **LICENZA ACTIVIDADE RECREATIVA+OBRA DE REFORMA**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……..

Nome e apelidos Representante …… NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº Localidade e CP ……

Teléfono: …… Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización do local:

Localización ..... Nº . CP .....

Referencia catastral .....

3. Descrición da actividade (Segundo catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia) :

Tipo de establecemento:
Descrición da actividade:

Superficie Total: m2
Potencia Mecánica: CV
Aforo máximo: .....persoas

Presuposto das obras: .....

Denominación comercial: .....

Primeira ocupación da edificación Nº expediente:.....
Si non coñece o número de expediente datos promotor e ano de construción:

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. CÓDIGO nº.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE. VISADO Nº.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

–Que son certos todos os datos recollidos neste impreso

– Que achega toda a documentación preceptiva.

- Que tras a obtención da licenza de actividade e obras de acondicionamento e unha vez realizadas as obras, comunicarei ao Concello o cumprimento dos requisitos da licenza e o inicio da actividade achegando o correspondente Certificado final de obra que acreditará a adecuación do establecemento á licenza outorgada.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas a licenza solicitada.

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co disposto no artigo 143.1 da *Lei 2/2016 do solo de Galicia* en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico. Ademais de conformidade co artigo 144.4 da dita Lei non é posible conceder licenza sen o previo outorgamento das autorizacións sectoriais preceptivas.

LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO CUNHA CAPACIDADE SUPERIOR A 500 PERSOAS OU AQUELES CUXA NORMATIVA ESPECIFICA EXIXA A CONCESIÓN DE LICENZA E LICENZA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1.a Datos identificativos da persoa solicitante:
- Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.
- Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1.b Fotocopia de documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento)

1.c Reportaxe fotográfica da edificación (fachadas e interior do local para reformar)

1.d Documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

1.e Proxecto técnico das obras de adaptación que se van a realizar, redactado por técnico/a competente co contido mínimo establecido neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade precisas para o uso pretendido.

1.f Proxecto técnico da actividade e das instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido mínimo establecido neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas .

1.g Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto

1.h Plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico.

1.i Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

1.j Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel

1.k Copia das autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.

1.l En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

1.m De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente.

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**AR-003** **LICENZA ACTIVIDADE RECREATIVA+OBRA NOVA**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº ..... Localidade e CP .....

Teléfono: .....

Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Referencia catastral .....

3. Descrición das obras e da actividade (Segundo catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia):

Descrición das obras:

Superficie construída total:.....m2
Presuposto das obras:.....

Tipo de establecemento:
Descrición da actividade:

Superficie Total: m2
Potencia Mecánica: CV
Aforo máximo: .....persoas

Denominación Comercial:

Acta de liña e rasante. Núm expediente:.....

Algunha consulta urbanística anterior Núm expediente: .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVES DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE VIGO.
CÓDIGO Núm.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXETO DESTA SOLICITUDE.

VISADO Núm.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que tras a obtención da licenza de obras e unha vez realizadas estas, solicitarei a preceptiva licenza de primeira ocupación.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co disposto no artigo 11.4 do *Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro,polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,* os actos que autoricen obras de edificación **serán expresos, con silencio administrativo negativo**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1.a Datos de identificación da solicitante
- Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.
- Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1.b Escritura pública de propiedade do terreo. A dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral. Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.

1.c Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañarase tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.

1.d Oficio de dirección das obras e documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto de actividade e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

1.e Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

1.f Autorizacións sectoriais previas preceptivas, incluída a autorización ou declaración ambiental que proceda.

1.g En edificacións incluídas no ámbito do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, e nos casos particulares do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello ou Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas será preceptiva a presentación do resultado da consulta previa ante a Comisión de Seguimento do PEEC.

1.h Proxecto técnico redactado por técnico/a competente co contido establecido no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación e neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas.

1.i Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou Memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico/a competente, co contido establecido no neste anexo da Ordenanza de tramitación de licenzas.

1.j Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

1.k Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

1.l Plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico.

1.mDocumentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

1.n Xustificación do cumprimento da Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo.

1.o En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) da ou do técnico redactor do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

1.p De ser o caso, certificación de conformidade coa legalidade urbanística e o planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal debidamente acreditada e inscrita no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO

2.a Proxecto técnico redactado por técnico competente co contido establecido no *Anexo I da Parte I do Código Técnico da Edificación* e no *anexo 3 da Ordenanza de tramitación de licenzas,*

2.b Proxecto técnico da actividade e instalacións redactado por técnico/a competente, co contido establecido no anexo 3 da *Ordenanza de tramitación de licenzas.*

2.c Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico, subscrita polo técnico autor do proxecto.

2.d Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

2.e Plan de emerxencia, o plan de autoprotección, o estudo de impacto acústico e o dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico.

2.f Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.

2.g Xustificación do cumprimento da *ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento de enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo*.

3. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN (ademais da documentación anterior

3.a Estudo de seguridade e saúde segundo *R.d. 1627/1997* redactado polo técnico competente.

3.b Proxecto técnico redactado por técnico competente da instalación de enerxía solar térmica para auga quente sanitaria.

3.c Oficio da dirección da execución da obra .

3.d Estudio de xestión de residuos segundo *R.d. 105/2008*

4. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa corresponden

ANEXO 4

PRIMEIRA OCUPACIÓN

PO

ÍNDICE

4.1. DEFINICIÓNS 3

4.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR..... 5

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PO-001.....5

B/ COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN e INICIO DE ACTIVIDADE PO-002.....5

4.3. IMPRESOS NORMALIZADO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.....7

ANEXO 4

PO

PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.1. DEFINICIÓNS

Terminadas as obras de edificación, autorizadas nas correspondentes licenzas previas, a persoa titular da licenza porao en coñecemento do Concello de Vigo, mediante impreso normalizado de comunicación previa de primeira ocupación, xunto coa documentación preceptiva.

COMUNICACIÓN PREVIA: documento polo cal as persoas interesadas poñen en coñecemento da administración pública competente os seus datos de identificación e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, consonte co establecido no artigo 69.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Antes da comunicación previa de primeira ocupación da edificación deberán cumprirse todas as condicións da licenza de obras autorizada (cesións, urbanización, etc.).

O promotor comunicará ao Concello a intención de levar a cabo a primeira ocupación cunha antelación mínima de **quince días hábiles** respecto da data na que pretenda ocupar a edificación..

A presentación dunha comunicación previa non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da actuación de que se trate e posibilite o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas. Constitúe un título habilitante de natureza urbanística, correspondendo ás persoas titulares axustarse ás condicións indicadas na comunicación e ás demais exixidas polo ordenamento xurídico.

O transcurso do prazo de quince días hábiles sen que o Concello declare completa a documentación presentada ou requira a emenda das deficiencias que presente non habilita para a ocupación das edificacións se as obras non están rematadas, non se cumpriron todas as condicións da licenza de obras autorizada (cesións, urbanización, etc.) ou a edificación non se axusta á licenza autorizada sen modificacións substanciais. Estes son requisitos que a persoa interesada manifesta cumprir baixo a súa responsabilidade.

Advírtese que o Concello dispón de posteriores facultades de comprobación, control e inspección sobre os actos e usos do solo. A responsabilidade solidaria respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e coa súa adecuación ao proxecto presentado é atribuída, segundo o artigo 160.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a quen promova as obras, a quen teña a propiedade dos terreos, aos empresarios das obras, aos técnicos redactores do proxecto e ás persoas directoras das obras e da súa execución.

4.2.DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

A/ COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PO-001

1. Impreso normalizado de comunicación previa de primeira ocupación **PO-001**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da ou do solicitante

   3.a. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica
As licenzas ou autorizacións previas serán substituídas por declaracións responsables, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativas ao cumprimento das previsións legais establecidas na normativa vixente. En todo caso, o declarante deberá estar en posesión do xustificante de pago do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

A declaración responsable deberá conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente, incluído, no seu caso, estar en posesión da documentación que así o acredite.

A declaración responsable permitirá realizar a instalación do punto de recarga e iniciar o servizo de recarga enerxética desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección das administracións públicas competentes.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable determinará a imposibilidade de explotar a instalación e, no seu caso, a obrigación de retirala desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Durante o exercicio da actividade deberá contar na instalación, a disposición dos servizos de inspección, dunha copia da declaración responsable presentada.

Se as instalacións dos puntos e recarga modifícanse de forma substancial unha actividade suxeita a comunicación previa, deberá presentar nova comunicación de inicio da actividade principal.

Se fosen necesarias obras suxeitas a comunicación previa ou licenza deberá solicitáralas previamente.

6.2.2 INSTALACIÓNS RADIOELÉCTRICAS

De conformidade co artigo 49.9 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións, para a instalación ou explotación das estacións ou infraestruturas radioeléctricas e recursos asociados en dominio privado non poderá esixirse por parte das Administracións públicas competentes a obtención de licenza ou autorización previa de obras, instalacións, de funcionamento ou de actividade, de carácter ambiental nin outras de clase similar ou análogas, excepto en edificacións do patrimonio histórico-artístico coa categoría de ben de interese cultural declarada polas autoridades competentes ou cando ocupen unha superficie superior a 300 metros cadrados, computándose para ese efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos.

Para a instalación ou explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas fixas ou de estacións ou infraestruturas radioeléctricas e os seus recursos asociados en dominio privado distintas das sinaladas no parágrafo anterior, non poderá esixirse por parte das Administracións públicas competentes a obtención de licenza ou autorización previa de obras, instalacións, de funcionamento ou de actividade, ou de carácter ambiental, nin outras licenzas ou aprobacións de clase similar ou análogas que suxeiten a previa autorización dita instalación, no caso de que o operador presentase voluntariamente á Administración Pública competente para o outorgamento da licenza ou autorización un plan de despregamento ou instalación de rede de comunicacións electrónicas, no que se contemplen ditas infraestruturas ou estacións, e sempre que o citado plan fose aprobado pola devandita administración.

As licenzas ou autorizacións previas que, serán substituídas por declaracións responsables, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativas ao cumprimento das previsións legais establecidas na normativa vixente. En

todo caso, o declarante deberá estar en posesión do xustificante de pago do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

A declaración responsable deberá conter unha manifestación explícita do cumprimento daqueles requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente, incluído, no seu caso, estar en posesión da documentación que así o acredite.

Cando deban realizarse diversas actuacións relacionadas coa infraestrutura ou estación radioeléctrica, as declaracións responsables tramitaranse conxuntamente sempre que iso resulte posible.

Se para a instalación da estación ou a infraestrutura fora necesario realizar obras de edificación ou obras de reforma nas edificacións existentes deberá obter previamente o correspondente título habilitante.

Unha vez executadas e finalizadas as obras de instalación das infraestruturas das redes de comunicacións electrónicas, o promotor deberá presentar ante a autoridade competente unha comunicación da finalización das obras e de que as mesmas se levaron a cabo segundo o proxecto técnico ou memoria técnica.

O proxecto técnico da instalación deberá xustificar graficamente que se axusta ás condicións da instalación fixadas na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo. No caso de torres o proxecto incluirá un plano de deslinde coa indicación das construcións existentes nun radio de 100/50 ml.

No ámbito dos Planes Especiais de Protección (Casco Vello, Bouzas o Plan Especial de Edificios a Conservar) deberá acadar informe favorable da Comisión de Seguimento correspondente.

6.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES

A/ DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA. DR-001

1. Impreso normalizado de declaración responsable para instalación de puntos de recargade **DR-001**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.
4. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, e planos do local a escala mínima 1:100 que permita localizar de forma precisa o lugar no que se instala o punto de recarga.
5. Reportaxe fotográfica da zona na que se pretenden instalar os puntos de recarga.

B/ DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA UNHA INSTALACIÓN RADIOELÉCTRICA. DR-002

1. Impreso normalizado de declaración responsable para instalación de puntos de recargade **DR-002**
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.
4. Planos de situación e localización do lugar no que se pretende a instalación, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, e, no seu caso, planos da cuberta a escala mínima 1:200 que permita localizar de forma precisa o lugar no que se instala a infraestrutura ou estación.
5. Reportaxe fotográfica da zona na que se pretende a instalación.

6.4. IMPRESOS NORMALIZADOS DE DECLARACIÓN RESPOSABLE

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

DR-001

DECLARACIÓN RESPONSABLE INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……..

Nome e apelidos Representante …….... NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº …… Localidade e CP ……

Teléfono: ……

Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non	Aviso teléfono móbil:	Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela ou edificación:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Puntos de recarga a instalar: ..... Unidades

Presuposto da Obra: .....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que as obras a executar consisten unicamente na instalación de puntos de recarga eléctrica
- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e achego a documentación necesaria para cumprimentar a declaración responsable
- Que as obras cumpren co disposto na Lei 24/2013 do sector eléctrico e con todos os requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente e coa ordenación urbanística vixente.
- Que a instalación non supón unha modificación substancial da actividade do establecemento e non afectas as condicións de seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.
- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación.
- Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza ou comunicación previa.
- Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación (ou se identificará ao promotor e ano de construción).
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que está en posesión da seguinte documentación:
    - Memoria técnica de deseño ou proxecto técnico completo, redactado por técnico competente, segundo determine a lexislación sectorial
    - Declaración dos facultativos que asinen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación
    - Oficio de dirección das obras, se fose necesario de conformidade coa lexislación sectorial
    - Autorizacións sectoriais que resulten necesarias para a instalación

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que **iniciará as obras a partires do día**.....(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) cun prazo de execución de .....

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

INFORMASE QUE, a presentación da DECLARACIÓN RESPONSABLE co conseguinte **efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable,** nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control atribuídas á administración municipal.

ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co artigo 48 da Lei 24/2013 do sector eléctrico "*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable determinará a imposibilidade de explotar a instalación e, no seu caso, a obrigación de retirala desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar* "

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

DOCUMETACIÓN A ACHEGAR COA DECLARACIÓN RESPONSABLE

1a.-Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

1b.- Datos de identificación da solicitante

Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1c.-. Planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, e planos do local a escala mínima 1:100 que permita localizar de forma precisa o lugar no que se instala o punto de recarga

1d.-Reportaxe fotográfica, zona na que se pretenden instalar os puntos de recarga, subscrita pola persoa solicitante.

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

DR-002

DECLARACIÓN RESPONSABLE
INSTALACIÓNS RADIOELÉCTRICAS

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……..

Nome e apelidos Representante …….... NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº …… Localidade e CP ……

Teléfono: ……

Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non | Aviso teléfono móbil: .... | Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela ou edificación:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Presuposto da Obra: .....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que as obras a executar consisten unicamente na instalación dunha estación o infraestrutura radioeléctrica, non suxeita a licenza previa, e non inclúe obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza ou comunicación previa.
– Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e achego a documentación necesaria para cumprimentar a declaración responsable.
— Que as obras cumpren co disposto na *Lei 11/2022 Xeral de Telecomunicacións* e con todos os requisitos que resulten exixibles de acordo coa normativa vixente e coa ordenación urbanística vixente.
–Que a instalación dará cumprimento integro a normativa municipal do Concello de Vigo e nomeadamente a *Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo*
- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación ou estando catalogada foi aprobado previamente polo Concello o un plan de despregamento ou instalación de rede de comunicacións electrónicas.
- Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación (ou se identificará ao promotor e ano de construción).
- Que conta coas autorizacións para a dispoñibilidade do solo ou do espazo para a instalación.
- Que está en posesión da seguinte documentación:
    - Proxecto técnico da instalación, asinado por técnico competente, incluíndo planos de situación e deslinde, plantas alzados e seccións da instalación e xustificación do cumprimento das Esixencias Básicas do "Código Técnico da Edificación'. O proxecto deberá xustificar graficamente que a antena se axusta as condicións da instalación fixadas na Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo. No caso de torres o proxecto incluirá un plano de deslinde indicando as construcións existentes nun radio de 100/50 ml.
    - Aprobación do Ministerio competente nas telecomunicacións do proxecto da instalación de telecomunicacións que inclúa a totalidade dos sistemas que se van a establecer
    - Declaración dos facultativos que asinen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación
    - Oficio de dirección das obras
    - Autorizacións sectoriais que resulten necesarias para a instalación

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á instalación a desenvolver.
E COMUNICA que iniciará as obras a partires do día....., cun prazo de execución de .....

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

INFORMASE QUE, a presentación da DECLARACIÓN RESPONSABLE co conseguinte ***efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable,*** *nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control atribuídas á administración municipal. ADVÍRTESELLE QUE de conformidade co artigo 49.9 da Lei 24/2013 do sector eléctrico "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable determinará a imposibilidade de explotar a instalación e, no seu caso, a obrigación de retirala desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar"*

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vigo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

DOCUMETACIÓN A ACHEGAR COA DECLARACIÓN RESPONSABLE

1a.-Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente.

1b.- Datos de identificación da solicitante

1.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

1.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

1c.-. Planos de situación e localización do lugar no que se pretende a instalación, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente, e, no seu caso, planos da cuberta a escala mínima 1:200 que permita localizar de forma precisa o lugar no que se instala a infraestrutura ou estación.

1d.-Reportaxe fotográfica da zona na que se pretenden instalar a instalación.

ANEXO 7

OUTROS PROCEDEMENTOS **OP**

ÍNDICE

7.1. DEFINICIÓNS 3

7.2. OUTROS PROCEDEMENTOS 5

ACTA DE LIÑA E RASANTE 5

DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN DE OBRAS TERMINADAS SEN TITULO HABILITANTE 5

7.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR 7

A/ACTA DE LIÑA E RASANTE 7

B/ PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE 7

7.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL 9

7.5. IMPRESOS NORMALIZADOS 11

ANEXO 7

OUTROS PROCEDEMENTOS **OP**

7.1. DEFINICIÓNS

ALIÑACIÓN OFICIAL: liña sinalada polo planeamento para establecer o límite que separa os solos destinados a vía pública ou espazos libres públicos das parcelas edificables

EDIFICIOS FÓRA DE ORDENACIÓN OU DESCONFORMES: Edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles ou non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións.

De conformidade co artigo 90 da Lei 2/1016 do solo de Galicia os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico poderá atoparte suxeitas aos seguintes réximes:

Fora de ordenación total: aquelas edificacións, construcións e instalacións preexistentes que resulten incompatibles coas determinacións do planeamento por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Quedan incursos no réxime de fora de ordenación establecido no artigo 90.1 da LSG

Fora de ordenación temporal: edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos. O réxime aplicable será o previsto no artigo 90.1 da LSG.

Edificacións parcialmente compatibles: edificacións, construcións e instalacións preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas nas situacións de fóra de ordenación anteriores. O réxime será o establecido polo planeamento vixente.

OBRAS, INSTALACIÓNS CONSTRUCIÓNS E EDIFICACIÓNS REMATADAS: Aos efectos da aplicación dos prazos de caducidade da acción municipal de restauración da legalidade urbanística establecidos no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) e o 377 do seu regulamento(en adiante RLSG), enténdese que a edificación está rematada cando estea ultimada e disposta a servir ó uso ó que se destina e en condicións de ser ocupada, sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, agás, de ser o caso, as relativas aos revestimentos exteriores de paramentos e cubertas que non resulten exixibles como condición técnica de seguridade da edificación.

7.2. OUTROS PROCEDEMENTOS

ACTA DE LIÑA E RASANTE

É o plano formalizado pola Administración municipal, no que se sinala a aliñación oficial, o estado da urbanización, as obras de urbanización necesarias para converter a parcela en soar, no caso de parcelas en solo urbano consolidado, a superficie aproximada de cesión gratuíta ou de expropiación, se é o caso, e o importe aproximado dos gastos de urbanización afectos ao predio, se os houbese.

DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN DE OBRAS TERMINADAS SEN TITULO HABILITANTE

Consiste no recoñecemento e na declaración da concreta situación urbanística das obras, instalacións, construcións e edificacións existentes rematadas, realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, das cales transcorrese o prazo para que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística.

A declaración da situación urbanística da obra terminada non modifica o carácter ilegal dela, e, en consecuencia, serao sen prexuízo daquelas responsabilidades que puidesen incorrer o seu titular ou da instrución daqueloutros procedementos a que dese lugar.

De conformidade co artigo 377 do RLSG considérase que son obras totalmente rematadas aquelas que se atopen dispostas para servir ao fin a que estean destinadas e en condicións de seren ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo.

Para os efectos da declaración de fora de ordenación, considerase que unha obra sirve ao fin a que estea destinada cando cumpra as seguintes condicións básicas:

a) Dispón de accesibilidade adecuada en condicións de seguridade.

b) A súa implantación non xera impactos que supoñan riscos previsibles para as persoas ou bens.

c) Conta coas necesarias condicións de seguridade estrutural e de utilización, conforme ao uso ao que se destina.

d) Reúne condicións adecuadas de salubridade para que non se vexa afectada a saúde das persoas na súa utilización, nin se alteren as condicións ambientais da súa contorna.

e) Os espazos habitables resultan aptos para o uso ao que se destinan por reunir uns requisitos mínimos de funcionalidade.

O recoñecemento de que a edificación reúne as condicións básicas en materia de seguridade, habitabilidade e salubridade, determina a aptitude física da edificación pero non presupón o cumprimento dos requisitos e condicións que foren esixidos para autorizar as actividades que na mesma leven a cabo.

7.3. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

A/ACTA DE LIÑA E RASANTE

1. Impreso normalizado de solicitude acta de liña e rasante
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Plano a escala mínima 1:1000, realizado sobre Cartografía Oficial de Vigo, no que se sinalen a forma e superficie da parcela, e predios lindeiros, anchos das vías que definen as súas fachadas e situación respecto do viario de conformidade co rueiro municipal e situación dos servizos urbanísticos. Este plano deberá ser asinado por técnico/a competente que se responsabiliza da veracidade dos datos achegados.
5. Xustificación dos servizos urbanísticos da parcela (excepto se solicita para peche da parcela).
6. Excepcionalmente, e no prazo de dez días hábiles contados desde a presentación da solicitude, a Administración municipal poderá solicitar levantamento topográfico da parcela cando existan discordancias entre a realidade e o plan e/ou a súa descrición rexistral. Este levantamento deberá estar apoiado polo menos en dous vértices próximos da Rede Topográfica e sempre en coordenadas UTM.

B/ PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE

1. Impreso normalizado de solicitude da declaración do concreta situación urbanística das obras
2. Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente
3. Datos de identificación da solicitante

   3.a Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.

   3.b Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.

4. Documentación acreditativa da titularidade do inmoble: Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade
5. Documento subscrito por técnico competente coa seguinte contido mínimo:

   5.a Memoria

   - Descrición da edificación indicando os usos aos que se destina, cadro de superficies, descrición estrutural, construtiva e das instalacións con que conta.
   - Declaración das circunstancias urbanísticas, coa descrición pormenorizada das determinacións urbanísticas e preceptos das normas urbanísticas que infrinxe.

- Declaración da data de terminación da edificación, para o que deberá achegarse os medios de proba en que se basea para acreditar a data, consistentes preferentemente en documentación oficial ou procedente de administracións ou organismos públicos

- Valoración económica da execución material da edificación á data de presentación da solicitude

- Certificado subscrito por técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional que recolla a aptitude da edificación para o uso a que se destina, se analice o sistema estrutural, elementos construtivos, instalacións, etc. e o análise e acreditación do cumprimento das normas mínimas seguridade, habitabilidade e salubridade.
- No caso de que a edificación se destine a unha actividade: Descrición detallada da actividade e das instalacións no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw e estudo xustificativo do cumprimento da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións.

- Descrición das obras necesarias, no seu caso, coa finalidade de reducir o impacto negativo do construído sobre a paisaxe, ou as medidas correctoras necesarias para reducir o impacto sobre o medio ambiente

5.b Planos:

- Plano de situación e emprazamento da parcela, a escala mínima

- Plano a escala 1:500 de situación da edificación dentro da parcela con indicación da superficie da mesma, así como dos recuamentos, lindes, accesos, superficie ocupada e, se é o caso, servizos urbanísticos e aliñacións.

- Planos a escala 1:50 de plantas e alzados da edificación, acoutados e superficiados, con indicación dos usos de todas as estancias.

- Planos de Instalacións a escala adecuada, coa representación esquemática de todos os seus elementos.

  Planos da estrutura a escala adecuada, coa representación de todos os seus elementos

6. Reportaxe fotográfica da parcela e das edificacións ou construcións en que se poidan apreciar as características volumétricas, tipolóxicas e os acabamentos

7.4. NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS EN FORMATO DIXITAL

1. Os proxectos técnicos en formato dixital deberán achegarse en formato PDF asinados polo seu autor ou ben visados polo correspondente colexio profesional.

2. Os proxectos poderán achegarse a través da "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS " da sede electrónica do Concello de Vigo. A citada plataforma permite incorporar os distintos arquivos PDF e a firma electrónica destes.

3. Os arquivos dixitais que compoñen o proxecto técnico deberán responder a seguinte estrutura:

- MEMORIA: cada capitulo da memoria deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PLANOS: Cada plano deberá ser un arquivo PDF. O nome do arquivo indicará o seu contido.
- PRESUPOSTO: incluirase un arquivo PDF cun resumo do presuposto por capítulos.
- OUTROS DOCUMENTOS: cada documento será un arquivo PDF.

4. O tamaño máximo de cada arquivo será de 6MB

5. O nome doa arquivos estarán compostos unicamente por letras e números e non poderán incluír caracteres especiais nin acentuados.

7.5. IMPRESOS NORMALIZADOS

Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	**OP-001** Impreso de Solicitude **ACTA DE LIÑA E RASANTE**	Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: …… NIF / DNI / NIE ……

Nome e apelidos Representante …… NIF / DNI / NIE ……

Dirección notificación: …… Nº ..... Localidade e CP ……

Teléfono: …… Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non Aviso teléfono móbil: ..... Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela:

Localización ..... Nº .... CP .....

Ref catastral .....

3. Observacioness:

Expedientes relacionados (se procede): .....

A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. CÓDIGO Núm.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e ACHEGA:

□ Datos de identificación do solicitante e, no seu caso, do representante.

□ Plano a escala mínima 1:1000, realizado sobre Cartografía Oficial de Vigo, no que se sinalen a forma e superficie da parcela, e predios lindeiros, anchos das vías que definen as súas fachadas e situación respecto do viario de conformidade co rueiro municipal e situación dos servizos urbanísticos. Este plano deberá ser asinado por técnico/a competente que se responsabiliza da veracidade dos datos achegados.

□ Xustificación dos servizos urbanísticos da parcela

□ Non aporto a xustificación dos servizos urbanísticos da parcela xa o acta de liña e unicamente para peche da parcela.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas a parcela para a cal solicita acta de liña e rasante

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

OP-002

SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN EN OBRAS TERMINADAS SEN TÍTULO HABILITANTE

Selo rexistro

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social: ..... NIF / DNI / NIE .....

Nome e apelidos Representante ..... NIF / DNI / NIE .....

Dirección notificación: ..... Nº Localidade e CP .....

Teléfono: ..... Correo Electrónico .....

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, Entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica.
Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento

□ Si □ Non Aviso teléfono móbil: ..... Aviso ao correo electrónico: .....

2. Localización da parcela:

Localización ..... Nº ..... CP .....

Ref catastral .....

3. Descrición da edificación:

Descrición da edificación:

Actividade á que se destina a edificación: .....
Superficie construída total:.....m2

Valoración económica da execución material da edificación: ..... (á data de presentación da solicitude)

Acta de liña e rasante. Núm expediente: .....
Outros expedientes relacionados (se procede): .....

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVES DA "PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS" DA SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE VIGO.
CÓDIGO Núm.....

AUTORIZO AO CONCELLO DE VIGO O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXETO DESTA SOLICITUDE.
VISADO Núm.....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

E AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á edificación.

Vigo…….. de……..de 20….

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

De conformidade co artigo 90 da Lei 2/1016 do solo de Galicia os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico poderá atoparte suxeitas aos seguintes réximes:
Fora de ordenación total: aquelas edificacións, construcións e instalacións preexistentes que resulten incompatibles coas determinacións do planeamento por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Quedan incursos no réxime de fora de ordenación establecido no artigo 90.1 da LSG
Fora de ordenación temporal: edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos. O réxime aplicable será o previsto no artigo 90.1 da LSG.
Edificacións parcialmente compatibles: edificacións, construcións e instalacións preexistentes á aprobación definitiva do planeamento que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas nas situacións de fóra de ordenación anteriores. O réxime será o establecido polo PXOM vixente.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1. Datos de identificación da solicitante
    1. Persoas físicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica. Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañarán un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable) e copia do DNI do representado.
    2. Persoas xurídicas: Identificación no rexistro ou na sede electrónica do representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Non é necesario nas solicitudes realizadas na sede electrónica co certificado electrónico da persoa xurídica.
2. Documentación acreditativa da titularidade do inmoble: Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade
3. Documento subscrito por técnico competente coa seguinte contido mínimo:
    1. Memoria
        1. Descrición da edificación indicando os usos aos que se destina, cadro de superficies, descrición estrutural, construtiva e das instalacións con que conta.
        2. Declaración das circunstancias urbanísticas, coa descrición pormenorizada das determinacións urbanísticas e preceptos das normas urbanísticas que infrinxe.
        3. Declaración da data de terminación da edificación, para o que deberá achegarse os medios de proba en que se basea para acreditar a data, consistentes preferentemente en documentación oficial ou procedente de administracións ou organismos públicos
        4. Valoración económica da execución material da edificación á data de presentación da solicitude
        5. Certificado subscrito por técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional que recolla a aptitude da edificación para o uso a que se destina, se analice o sistema estrutural, elementos construtivos, instalacións, etc. e o análise e acreditación do cumprimento das normas mínimas seguridade, habitabilidade e salubridade.
        6. No caso de que a edificación se destine a unha actividade: Descrición detallada da actividade e das instalacións no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw e estudo xustificativo do cumprimento da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións.
        7. Descrición das obras necesarias, no seu caso, coa finalidade de reducir o impacto negativo do construído sobre a paisaxe, ou as medidas correctoras necesarias para reducir o impacto sobre o medio ambiente
    2. Planos:
        1. Plano de situación e emprazamento da parcela, a escala mínima
        2. Plano a escala 1:500 de situación da edificación dentro da parcela con indicación da superficie da mesma, así como dos recuamentos, lindes, accesos, superficie ocupada e, se é o caso, servizos urbanísticos e aliñacións.
        3. Planos a escala 1:50 de plantas e alzados da edificación, acoutados e superficiados, con indicación dos usos de todas as estancias.
        4. Planos de Instalacións a escala adecuada, coa representación esquemática de todos os seus elementos.

           Planos da estrutura a escala adecuada, coa representación de todos os seus elementos
4. Reportaxe fotográfica da parcela e das edificacións ou construcións en que se poidan apreciar as características volumétricas, tipolóxicas e os acabamentos

5. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de Autoliquidación da taxa correspondente